Curso 2022/2023

# Programación do departamento de orientación

IES Armando Cotarelo Valledor

# Índice


1. MARCO TEÓRICO-PRÁCTICO ..... 3
2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ..... 5
3. CONTEXTUALIZACIÓN ..... 6
4. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES ..... 8
5. ACTUACIÓNS ..... 10
   A ACCIÓN TITORIAL ..... 19
   A ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL ..... 20
6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS ..... 21
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN ..... 23

ANEXO I.- PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS ..... 25

ANEXO II.- PROGRAMACIÓN PT ..... 29

## 1. MARCO TEÓRICO-PRÁCTICO

Dende a aprobación da Lei Orgánica 1/1990 de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, actualmente derrogada, a orientación pasa a formar parte dos principios fundamentais da educación e parte ineludible da actividade docente ordinaria. Esta concepción da orientación educativa como un principio e un dereito mantense vixente nas leis que actualmente rexen o noso sistema educativo como son a Lei Orgánica 2/2006 de Educación e a Lei Orgánica 3/2020 pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de Educación.

Hai que destacar tamén a lexislación que regula o labor profesional da orientación como son o Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e as diferentes circulares de orientación entre as que podemos destacar a Circular 10/2010 pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais temos que sinalar o Decreto 229/2021 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve dito decreto.

Así mesmo, para o noso desenvolvemento profesional, teremos en conta á lexislación que regula as ensinanzas da ESO e do BAC para este curso académico e que son as que seguen: Decreto 156/2022 polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia, Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da ESO e BAC na Comunidade Autónoma de Galicia, Decreto 157/2022 polo que se establecen a ordenación e o currículo de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e a Resolución 26 de maio de 2022 pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso 2022/2023.

Tamén, posto que no noso centro educativo impártense ensinanzas de formación profesional, debemos ter en conta a lexislación que regula ditas

ensinanzas: Decreto 107/2014 polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos; Decreto 114/2010 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia; Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas; Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial; Resolución do 22 de xuño de 2022 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23; Resolución do 26 de maio de 2022 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do proceso de admisión das ensinanzas de formación profesional de grao básico para o curso 2022/23; Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

Todas as referencias lexislativas comentadas ata agora, entre outras, buscan e contribúen a que a orientación educativa e profesional forme parte esencial da actividade educativa, establecendo un asesoramento permanente a alumnado, profesorado e familias, e entendendo a orientación como unha actuación profesional destinada a toda a comunidade educativa. Esta orientación, que debe facilitarse desde as primeiras idades do alumnado, ten que contribuír, igualmente, ao desenvolvemento persoal e profesional do profesorado e ao establecemento de redes de colaboración entre este e as familias, e tamén coas entidades sen ánimo de lucro que participan na atención de determinado alumnado, promovendo auténticas comunidades de aprendizaxe.

## 2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Para o presente curso 2022/2023 o departamento de orientación do IES Armando Cotarelo Valledor estará composto polos seguintes membros:

- Xefa do departamento de orientación: Sara Santos Gómez.
- Mestras de pedagoxía terapéutica: Mª Ana Blanco Blanco e María del Carmen Creo Otero.
- Profesorado de ámbitos: Laura Pérez Valcárcel e Luz Flores Gregorio.
- Profesor de FOL: Jorge Victorero Rey.
- Xefas dos departamentos de orientación dos CEIP Plurilingüe de Vilaxoán, CEIP Plurilingüe de Rubiáns e CEIP O Piñeiriño.

Para a coordinación do departamento manteranse as seguintes reunións:

- Unha reunión semanal coas profesoras de PT para coordinación da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que terá lugar o xoves de 12:00h a 12:50h.
- Unha reunión semanal do Departamento de Orientación para o seguimento e avaliación do Plan de Orientación e o cumprimento das funcións que se establecen no artigo 6 do Decreto 120/1998: os xoves de 13:40h a 14:30h. Á hora de planificar as actuacións do departamento para este curso terase en conta a memoria do curso pasado, as suxestións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e as necesidades que xurdan ao longo do curso.
- Reunións semanais cos titores/as dos cursos da ESO e da FPB.
- Reunións coas xefas de departamento dos centros adscritos.

Cabe sinalar que a coordinación entre o IES Armando Cotarelo Valledor e os centros adscritos do CEIP de Vilaxoán, do CEIP de Rubiáns e do CEIP O Piñeiriño caracterízase polas seguintes actuacións:

- Reunións trimestrais para o intercambio de información e a coordinación das accións dos departamentos.

- Está establecido un Plan de Acollida ao alumnado que remata a primaria e inicia a secundaria, que inclúe as seguintes accións:
    - Presentación ao alumnado e as familias do noso centro, antes da reserva de praza.
    - Xornada de portas abertas para o alumnado, titores/as e familias.
    - Coordinación entre os departamentos de orientación para establecer as medidas necesarias para unha boa continuación na atención que se presta ás necesidades específicas do alumnado.
    - Xuntanza entre os titores de 6º de primaria e de 1º da ESO para un mellor coñecemento do alumnado.

## 3. CONTEXTUALIZACIÓN

No centro IES Armando Cotarelo Valledor impártense varias etapas educativas, tanto en réxime ordinario como de adultos, con horario diúrno e nocturno.

En réxime ordinario:

- Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), incluíndo un PMAR en 2º da ESO, un PDC en 3º da ESO e un agrupamento específico en 4º da ESO.
- Bacharelato, nas modalidades de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclos de formación profesional:
    - Ciclo básico de informática.
    - Ciclo medio de Xestión Administrativa.
    - Ciclo medio de Sistemas microinformáticos e redes.
    - Ciclo superior de Administración de sistemas informáticos en rede.
    - Ciclo superior en Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
    - Ciclo superior de Desenvolvemento de aplicacións web.

En réxime de adultos:

- Educación Básica Inicial (EBI). Nivel I: alfabetización, Nivel II: educación primaria.

- Educación Secundaria de Adultos (ESA): módulos I, II, III e IV.
- Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclos de formación profesional:
    - Ciclo medio de Xestión Administrativa.
    - Ciclo superior de Administración de sistemas informáticos en rede.
    - Ciclo superior de Desenvolvemento de aplicacións web.
    - Ciclo superior de Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma (réxime Dual).

O alumnado que comeza a etapa de educación secundaria procede, segundo a rede de centros, de tres centros adscritos: o CEIP Plurilingüe de Vilaxoán, o CEIP Plurilingüe de Rubiáns e o CEIP O Piñeiriño. Estes contan con orientadora propia, que forma parte do departamento de orientación do instituto, tal e como se recolle na lexislación vixente.

O alumnado de réxime de adultos e do réxime ordinario que cursa a FP específica provén en xeral do ámbito profesional ou académico da zona.

En relación aos documentos do centro, contamos con Plan de Acción Titorial (PAT), Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP) e Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), todos eles formando parte do Proxecto Educativo de centro (PE) e son elaborados seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

Durante este curso académico 2022/23 preténdese dar continuidade ao traballo dos cursos anteriores, actualizando e adaptando as respostas desde o ámbito da orientación en xeral ás demandas e necesidades educativas do centro en cada unha das etapas educativas e tamén a aquelas demandas que vaian xurdindo ao longo do curso.

Será prioritario ir actualizando a nosa actuación á lexislación que se vai desenvolvendo dende a administración educativa, máxime neste momento de transición normativa.

Por último destacar que o centro ten como sinal de identidade a atención á diversidade do alumnado para lograr que este desenvolva ao máximo as súas capacidades e logre as competencias básicas necesarias para acadar o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

## 4. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES

Para a elaboración desta programación pártese dunha análise de necesidades que actúa como un fío condutor da nosa intervención educativa. Nesta recompilación de información levaremos a cabo diferentes actuacións, como as que seguen:

1) Revisión da lexislación vixente.
2) Revisión da memoria do departamento do curso anterior.
3) Revisión dos documentos de centro como o PE e a PXA.
4) Análise e avaliación de documentos de cursos anteriores tales como aqueles acordos recollidos en actas de claustros, actas da CCP, actas das reunións do departamento e de coordinación de titorías, consellos escolares e reunións coas familias, así como da memoria do traballo levado a cabo pola mestra de PT do curso anterior.
5) Revisión dos rexistros das reunións periódicas con diferentes institucións do entorno social e cultural da zona: outros centros educativos do concello de Vilagarcía de Arousa, centros adscritos e servizos sociais do Concello, centro de menores (Chavea) e a casa de acollida Aldaba.

A partir da análise da situación actual podemos sinalar as seguintes necesidades, que atenden aos tres ámbitos de intervención do departamento (acción titorial, a atención á diversidade e orientación académica e profesional) e aos diferentes axentes da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, centro e entorno), sendo conscientes de que esta programación está aberta e é flexible a outras necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.

| | |
|---|---|
| Alumnado | ✓ Atención á diversidade.<br>✓ Formación en habilidades sociais que favorezan a convivencia.<br>✓ Mellora do clima de relación na aula. |

| | |
|---|---|
| | ✓ Aprendizaxe de técnicas de estudo e técnicas de traballo intelectual.<br>✓ Orientación académica e profesional.<br>✓ Mellora das técnicas instrumentais básicas de lecturas, escritura, expresión e cálculo. |
| Profesorado | ✓ Formación sobre aspectos psicopedagóxicos e didácticos.<br>✓ Formación sobre aspectos metodolóxicos.<br>✓ Información sobre o sistema de avaliación.<br>✓ Formación para responder á diversidade.<br>✓ Integración e coordinación como equipo docente. |
| Familias | ✓ Información sobre os cambios do sistema educativo.<br>✓ Información sobre as actividades académicas.<br>✓ Información sobre as saídas profesionais dos seus fillos.<br>✓ Formación para a colaboración no proceso de ensinanza-aprendizaxe.<br>✓ Participación no proxecto educativo (PE). |
| Centro | ✓ Seguimento do proxecto educativo (PE).<br>✓ Programas de información social e propaganda.<br>✓ Programas de integración da comunidade educativa.<br>✓ Programas de formación no centro.<br>✓ Oferta educativa diversificada. |

## 5. ACTUACIÓNS

| **Plano de Orientación - ALUMNADO** | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVO:** Prestar atención ó alumnado con necesidades educativas **(PXAD)**. | | | |
| **Contidos** | **Actividades** | **Temporalización** | **Responsables** |
| • Avaliacións psicopedagóxicas<br>• Adecuación de contidos<br>• Adecuación metodolóxica<br>• Dotación de material específico | • Seguimento de cursos e materias onde haxa alumnos con ACs ou reforzos.<br>• Organización do espazo e tempo para unha mellor atención de alumnos con NEE por parte das profesoras PT.<br>• Coordinación coa Xefatura de Estudios para unha mellor eficacia na atención ao alumnos con NEAE.<br>• Coordinación cos titores e profesorado para o seguimento e valoración das ACs e reforzos educativos.<br>• Coordinación co profesorado que imparte reforzos.<br>• Asesoramento e orientación ao profesorado que imparta a alumnos NEAE.<br>• Informes psicopedagóxicos e outros informes de seguimento que sexan precisos.<br>• Difusión das novidades lexislativas entre a comunidade educativa. | • Todo o curso<br>• Todo o curso<br>• Todo o curso<br>• Reunións semanais<br>• Todo o curso<br>• Todo o curso<br>• Segundo necesidades<br>• Todo o curso | XDO- PT- XE<br>XDO- PT- XE<br>XE e XDO-PT<br>XDO-PT e titores<br>XDO-PT e profesorado específico<br>XDO-PT e profesorado |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**<br>• Comprobar en que medida se desenvolveron as ACIS e a súa valoración final<br>• En que medida se fixeron os reforzos demandados<br>• Como influíu a distribución no tempo e o espazo na atención á diversidade<br>• Fixéronse cambios no tempo e espazo ao longo do curso<br>• Fixeron os titores o seguimento e valoración das ACs e reforzos correspondentes ao seu alumnado.<br>• Cantas demandas de asesoramento foron solicitadas<br>• Asesoramento solicitado ao DO. Consecuencias positivas para os implicados no proceso<br>• Cantos informes foron solicitados e cantos completados.<br>• Con motivo dos informes psicopedagóxicos medidas adecuadas no proceso de ensino-aprendizaxe. | | | |

<table>
<tr><td colspan="4">Plano de Orientación – ALUMNADO</td></tr>
<tr><td colspan="4">OBXECTIVO: Favorecer a integración e participación do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar. (Habilidades sociais- PAT)</td></tr>
<tr><td>Contidos</td><td>Actividades</td><td>Temporalización</td><td>Responsables</td></tr>
<tr><td>• Formación en habilidades sociais.<br>• Formación na resolución de problemas e conflitos.<br>• Mellora do autocoñecemento e autoestima.<br>• Mellorar as relación e o clima da aula e do centro.<br>• Recoñecer o centro escolar como propio e como espazo de relación social.<br>• Resolución de conflitos e mediación escolar.<br>• Traballo en intelixencia emocional.</td><td>• Fichas iniciais para o coñecemento do alumnado.<br>• Xogos cooperativos e dinámicas de grupo.<br>• Fichas de traballo individual e debates.<br>• Role-playing.<br>• Exercicios de autoreflexión persoal e debates sobre os resultados.<br>• Exercicios de análise da propia imaxe e personalidade e discusión en grupo.<br>• Traballos en grupo sobre temas de relación social.<br>• Realización de murais sobre temas de relación.<br>• Participar en actividades colectivas do centro: deportivas, culturais, festivas, etc.<br>• Organización de charlas e conferencias.<br>• Participación en actividades propostas por entidades da contorna.<br>• Programar actividades de información e propaganda.<br>• Actividades de acollida de novo alumnado.<br>• Posibilitar, programar e deseñar actividades para a aula de convivencia.<br>• Xornadas de portas abertas para os alumnos de primaria dos centros adscritos.</td><td>Todo o curso dentro PAT<br><br>3º trimestre</td><td>Titores, XDO e XE.</td></tr>
<tr><td colspan="4">CRITERIOS DE AVALIACIÓN:<br>• Comprobar a realización nas titorías das actividades propostas e valorar a súa repercusión no clima escolar.<br>• Valorar por parte dos titores, profesorado e DO as consecuencias deste tipo de actividades nas actitudes e comportamento do alumnado.<br>• Comprobar o número traballos realizados e a súa repercusión nas actitudes e comportamentos.<br>• Comprobar o número de actividades colectivas de centro realizadas e a participación nelas por parte da comunidade educativa.<br>• Valorar a satisfacción do alumnado e profesorado en relación á acción titorial.</td></tr>
</table>

| **Plano de Orientación – ALUMNADO.** | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVO:** Facilitar a toma de decisión respecto ao seu futuro académico e profesional **(POAP).** | | | |
| **Contidos** | **Actividades** | **Temporalización** | **Responsables** |
| • Estrutura do Sistema Educativo<br>• Saídas educativas ao remate da ESO-Bacharelato<br>• Saídas profesionais ao remate da ESO-Bacharelato<br>• Itinerarios do Bacharelato.<br>• Graos universitarios<br>• Familias profesionais<br>• Ofertas de traballo | • Información sobre as saídas académicas e profesionais.<br>• Axuda para a toma de decisións a través da orientación psicopedagóxica e da información. (ESO, Bacharelato, Ciclos)<br>• Informar e formar sobre os diferentes organismos administrativos que axudan na formación e na procura de emprego.<br>• Aprender a utilizar as novas tecnoloxías para a procura de información e como medio de traballo.<br>• Celebrar charlas informativas para coñecer as diferentes opcións de cara o seu futuro educativo e profesional.<br>• Visitar centros da zona para informar sobre a oferta educativa.<br>• Charlas para as familias sobre as saídas educativas e profesionais dos seus fillos e fillas. | Ao longo do curso<br><br>Ao longo do curso<br><br>3º trimestre | Titores, XDO e equipo directivo |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**<br>• Enumeración das actividades realizadas, valorando a participación do alumnado e a implicación do profesorado<br>• Avaliación por parte do alumnado das actividades realizadas<br>• Avaliación por parte das familias das actividades realizadas. | | | |

| Plano de Orientación - PROFESORADO | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVO:** Informar e formar ó equipo docente sobre os aspectos didácticos, metodolóxicos e de avaliación que implica a E.S.O. | | | |
| **Contidos** | **Actividades** | **Temporalización** | **Responsables** |
| • Finalidades e características da ESO.<br>• Atención á diversidade e educación comprensiva.<br>• A avaliación e a acción titorial<br>• Principios psicopedagóxicos da ESO.<br>• Características psicosociais da adolescencia.<br>• Protocolos de actuación. | • Información específica cando sexa requirida.<br>• Participación nas sesións de avaliacións.<br>• Coordinación, a través da CCP, para as programacións e os criterios de avaliación.<br>• Expor na CCP aqueles aspectos que inflúan nunha mellor calidade do ensino e na atención á diversidade.<br>• Apoio e axuda ós Departamentos didácticos cando sexa requirida.<br>• Coordinación das titorías.<br>• Implicar ao profesorado nos informes solicitados ao departamento de orientación.<br>• Coordinar o proceso de ensino aprendizaxe das ACs e reforzos, orientando nas necesidades demandadas. | Ao longo de todo o curso<br>Nas sesión de avaliación<br><br>Mensualmente, nas reunións da CCP<br><br>Ao longo de todo o curso | XDO-PT<br>XDO- PT<br><br>XDO-PT- XE<br><br>XDO-PT<br><br>Titores-XDO-PT-XE |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**<br>• Enumerar as actividades realizadas, valorando a implicación do profesorado<br>• Valorar as repercusións na aula e no proceso de ensino aprendizaxe das actividades realizadas.<br>• Controlar as decisións tomadas nas sesión de avaliación sobre reforzos e atención á diversidade.<br>• Analizar os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe a través dos datos das avaliacións.<br>• Seguimento das intervencións demandadas analizando o proceso, o grao de implicación e os resultados. | | | |

| Plano de Orientación – PROFESORADO. | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVO:** Implicar ó profesorado en tarefas de integración no centro, de formación académica e de innovación pedagóxica. | | | |
| **Contidos** | **Actividades** | **Temporalización** | **Responsables** |
| • Proxectos de formación en centros<br>• Seminarios permanentes.<br>• Proxectos de innovación educativa<br>• Elaboración do PE<br>• Elaboración de Programas<br>• A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da institución<br>• Proxecto común | • Participar en grupos de traballo de proxectos que teñan como obxectivo a mellora da calidade da ensinanza.<br>• Motivar para a elaboración ou avaliación do PE.<br>• Elaborar e actualizar o Plano de Orientación Xeral do IES.<br>• Elaborar e actualizar o Plano de Acción Titorial.<br>• Elaborar e actualizar o Plano de Orientación Académico- Profesional.<br>• Implicar o profesorado na realización dun proxecto común de centro. | Ao longo do curso | DO e equipo directivo |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**<br>• Enumerar as actividades propostas e analizar o seu resultado<br>• Valorar a participación e implicación nos proxectos iniciados.<br>• Valorar a repercusión na comunidade educativa dos proxectos realizados ou iniciados. | | | |

| Plano de Orientación - FAMILIAS | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVO:** Contribuír a manter relacións de cooperación e participación entre as familias e o centro | | | |
| **Contidos** | **Actividades** | **Temporalización** | **Responsables** |
| • Estrutura e funcionamento do centro<br>• Proceso de ensino-aprendizaxe<br>• Actividades extraescolares<br>• Contorno socioeconómico<br>• Curriculum oculto<br>• Proxecto común | • Seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe a través das titorías.<br>• Xornadas informativas-formativas sobre conflitos, clima escolar, habilidades sociais, etc.<br>• Información sobre os obxectivos anuais, materiais curriculares e avaliacións.<br>• Organizar actividades para mostrar os resultados dos traballos académicos: certames literarios, teatro, música, deportes, etc.<br>• Implicar ás familias no proxecto común de centro. | Ao longo do curso | Claustro, XDO e equipo directivo |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**<br>• Enumeración das actividades realizadas e valoración da implicación e participación das familias e do centro.<br>• Valoración da influencia das actividades no rendemento escolar do alumnado.<br>• Valoración das familias sobre as actividades realizadas. | | | |

| Plano de Orientación - FAMILIAS | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVO:** Implicar ás familias nas actividades do centro como membros da comunidade educativa a través da información académica e da formación familiar. | | | |
| **Contidos** | **Actividades** | **Temporalización** | **Responsables** |
| • Estrutura do Sistema Educativo<br>• Saídas educativas ao remate da ESO-Bacharelato<br>• Saídas profesionais ao remate da ESO-Bacharelato<br>• Itinerarios do Bacharelato.<br>• Graos universitarios<br>• Familias profesionais<br>• Ofertas de traballo<br>• Implicación no proceso educativo do fillos e fillas. | • Charlas e debates para informar do Sistema Educativo e das saídas académicas e profesionais.<br>• Conversas puntuais e individuais con familias.<br>• Xornadas de portas abertas para mostrar o centro ás familias.<br>• Xornadas de formación familiar para axudar aos fillos no proceso de ensino-aprendizaxe. | 3º Trimestre<br><br>Todo o curso<br><br>3º Trimestre<br><br>Ao longo do curso | XDO, equipo directivo e persoal externo |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**<br>• Enumeración das actividades realizadas e valoración da implicación e participación das familias e do centro.<br>• Valoración da influencia das actividades no rendemento escolar do alumnado.<br>• Valoración das familias sobre as actividades realizadas. | | | |

<table>
<tr><td colspan="4">Plano de Orientación - CENTRO</td></tr>
<tr><td colspan="4">OBXECTIVO: Asesorar e orientar ao Equipo Directivo e profesorado para a definición do proxecto común de centro</td></tr>
<tr><td>Contidos</td><td>Actividades</td><td>Temporalización</td><td>Responsables</td></tr>
<tr><td>• Proxecto Educativo do Centro<br>• Plano de Orientación Educativa<br>• Plano de Convivencia<br>• Grupos de traballo<br>• Innovación educativa</td><td>• Informar e motivar para a constitución e/ou consolidación de grupos de traballo.<br>• Elaborar instrumentos para a recollida de datos da comunidade educativa que axude na elaboración do PE.<br>• Implicar ao claustro na elaboración do Plano Anual de Actuación.<br>• Elaborar os diferentes documentos.</td><td>1º Trimestre<br><br>Ao longo do curso</td><td>DO – equipo directivo</td></tr>
<tr><td colspan="4">CRITERIOS DE AVALIACIÓN:<br>• Enumeración das actividades realizadas e valoración da súa repercusión no clima escolar e na implicación educativa do profesorado.<br>• Avaliación pública dos logros acadados en cada unha das actividades.<br>• Recollida de información valorativa do claustro, departamentos e seminarios sobre as actividades do centro.</td></tr>
</table>

| Plano de Orientación - CENTRO | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVO:** Axudar ao Equipo Directivo na súa labor de liderado pedagóxico e social. | | | |
| **Contidos** | **Actividades** | **Temporalización** | **Responsables** |
| • Información social e propaganda<br>• Dinámica de grupos.<br>• Formación en centro.<br>• Relación co contorno.<br>• Ofertas educativas.<br>• Atención á diversidade. | • Dinamizar a CCP para elaborar un proxecto común anual.<br>• Acordar as ofertas educativas na ESO e nos Bacharelatos para consolidar un proxecto educativo que evite a dispersión.<br>• Elaborar folletos para a difusión interna e externa do Plano Anual e das ofertas educativas.<br>• Organizar reunión e, charlas informativas e formativas para unha mellor atención á diversidade.<br>• Organizar reunións sobre cuestión académicas: metodoloxía, avaliación, atención á diversidade, conflitos, etc.<br>• Concienciar á comunidade escolar da necesidade da avaliación interna do proceso educativo e elaborar os instrumentos para o seu proceso. | Ao longo do curso | Equipo directivo - DO |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**<br>• Enumeración das actividades realizadas e valoración da súa repercusión no clima escolar e na implicación educativa do profesorado.<br>• Avaliación pública dos logros acadados en cada unha das actividades.<br>• Recollida de información valorativa do claustro, departamentos e seminarios sobre as actividades do centro | | | |

## A ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial é un compoñente básico e fundamental do proceso educativo e un elemento nuclear da práctica docente. Esta debe ser entendida como un proceso continuo e sistemático que facilite os procesos de aprendizaxe e a toma de decisións, atenda a diversidade e a inclusión, potencie o desenvolvemento persoal e asesore sobre as opcións educativas e laborais. A través deste ámbito búscase, por tanto, a integración dos diferentes aspectos que conforman o proceso madurativo e formativo do alumnado, prestando especial atención ao seu desenvolvemento integral. Consecuentemente é necesario un Plan de Acción Titorial (PAT) que oriente esta importante función docente.

Así, entre os aspectos a desenvolver neste ámbito, podemos sinalar actuacións encamiñadas ao traballo sobre a educación emocional, a prevención e condutas aditivas, prevención e actuación ante o acoso escolar, a igualdade entre homes e mulleres, a educación sexual ou a prevención da LGTBIfobia.

| **ESO E FPB** | | | |
|---|---|---|---|
| **Ámbito** | **Accións** | **Sesións** | **Responsables** |
| **Alumnado** | Coñecemento do grupo e do centro.<br>Acollida do grupo. Dereitos e deberes. Normas de convivencia.<br>Elección de delegado/a. | 4 | Titor/a, DO, Equipo Directivo. |
| | Prevención da Violencia de xénero | 5 | Titor/a, DO. |
| | Prevención de Drogodependencias | 3 | Técnico/a plan de Prevención Drogodependencias |
| | Traballo en Equipo<br>Habilidades sociais<br>Intelixencia emocional<br>Prevención do acoso escolar<br>Igualdade | 5 | Titor/a, DO. |
| | Técnicas de estudo | 4 | Titor/a, DO. |
| | Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación | 6 | Titor/a, DO, Equipo Directivo |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Avance curso seguinte: POAP | 2 | Titor/a, DO, Equipo Directivo |
| | Datas e campañas | 6 | Titor/a, DO, Equipo directivo |
| **Familia** | Reunións informativas<br>Entrevistas | | Titor/a, DO, Equipo directivo |
| **Equipo educativo** | Reunións periódicas para coordinar actuacións | | Titor/a, DO, Xefa de estudos |

Esta programación está aberta a posibles demandas e necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso.

## A ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

A orientación académica e profesional adquire gran relevancia na nosa sociedade actual, complexa e enormemente cambiante. Esta non debe estar enfocada unicamente a unha simple elección senón que debe preparar ao alumnado para planificar e construír o seu propio proxecto profesional e vital.

Entre as actuacións que se poñerán en marcha ao longo deste curso podemos sinalar as seguintes:

- Acollida do alumnado de nova incorporación ao centro, tanto procedente dos colexios adscritos como doutros centros da contorna.
- Ofrecer información sobre:
    - A avaliación e promoción nos diferentes niveis educativos.
    - Coñecemento da estrutura do sistema educativo e das distintas opcións e itinerarios: sesións informativas sobre a estrutura do sistema educativo, a ESO, o bacharelato, os ciclos de formación profesional, as probas da ABAU, acceso aos estudos universitarios, etc.
    - Coñecemento do sistema produtivo e laboral e dos procesos de inserción nel: acceso ao traballo, busca de emprego…
- Coñecemento das propias posibilidades, intereses e limitacións: cuestionarios de autoanálise dos propios intereses, capacidades e valores.

- Desenvolvemento de habilidades para a toma de decisións: actividades para a análise das posibles consecuencias das distintas alternativas.
- Seguimento do alumnado en risco de abandono escolar e tamén de alumnado con escasas probabilidades de promocionar.
- Elaboración dun dossier informativo para o alumnado da ESO e do BAC.

## 6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

### A. Criterios de actuación

Dende o Departamento de Orientación, nas acción emprendidas, procurarase unha metodoloxía activa e participativa, que implique tanto a toda comunidade educativa coma os servizos do contorno no que se atopa, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo. Para isto utilizaranse os dous modelos de intervención, xa mencionados anteriormente, que son o modelo de programas e o modelo de consulta.

O modelo de programas caracterízase por outorgar un papel activo ao alumnado e propoñer unha metodoloxía cooperativa ao involucrar a outros axentes da comunidade educativa no funcionamento dos programas para dar resposta aos principios de prevención, desenvolvemento persoal, intervención social e curricularidade desde unha actuación planificada. As fases do mesmo son as que seguen:

a) Análise co contexto
b) Detección de necesidades
c) Formular obxectivos
d) Planificar actividades
e) Realizar as actividades
f) Avaliar o programa.

O modelo de consulta utilizarase para dar resposta ás demandas manifestadas ou requiridas, coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar con outro axente da comunidade educativa nun programa no que todos se sintan implicados. Este modelo aplicarase nos informes psicopedagóxicos e nas demandas do profesorado ou titores con respecto ás

necesidades individuais ou de grupo. A acción deste modelo articulara ao redor de tres elementos:

a) Orientador asume o rol de consultor, que intervirá de forma indirecta co cliente a través do mediador.
b) Mediador (titor, profesores, pais, etc.) interveñen directamente co cliente, a partir de propostas do orientador.
c) Destinatario último recibe unha intervención directa do mediador e indirecta do orientador.

A actuación para a posta en marcha deste modelo seguirá os seguintes pasos:

- Definición da consulta a través do informe da situación aportado polo mediador
- Avaliación de necesidades e recursos, na que colaborarán o orientador e o mediador.
- Proposta de intervención consensuada entre o orientador e o mediador
- Desenvolvemento do programa polo mediador
- Avaliación do programa polo mediador e o orientador.

**B. Distribución de tarefas**

As tarefas para cada actividade serán distribuídas segundo os sectores e persoas implicados, segundo se especifica no plano de orientación, procurando responsabilizar a cada quen do seu labor para unha mellor consecución dos obxectivos. A este efecto procurarase a coresponsabilidade, a cooperación, a coordinación e o traballo en grupo.

**C. Recursos empregados**

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro, tanto materiais como persoais, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada, procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

Entre os recursos persoais podemos sinalar ao profesorado, aos titores e titoras, ao departamento de orientación, o equipo directivo ou outros recursos externos ao centro como poden ser o concello, profesionais externos, o CIM e

asociacións e organizacións da contorna. Entre os recursos materiais podemos sinalar as instalacións do centro, a documentación do centro, test e probas psicométricas do departamento e programas e materiais elaborados polo departamento como cuestionarios ou folletos. Resaltar, por último, a importancia dos recursos organizativos xa que resultan imprescindibles para o bo funcionamento das propostas realizadas. Pódense mencionar: reunións do departamento de orientación, reunións co profesorado titor da ESO e da FPB, participación na CCP, horario de atención directa do departamento ás familias, etc.

**D. Temporalización**

A acción do departamento desenvolverase ao longo de todo o curso académico sendo conscientes da existencia duns momentos clave nos que debemos priorizar unhas actuacións sobre outras. Sen embargo, atenderase puntualmente aquelas necesidades que se presenten ou demanden ao longo do curso tendo en conta sempre as prioridades educativas, persoais e de formación do alumnado e, moi especialmente, a atención á diversidade.

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación están referidos aos obxectivos especificados en cada un dos apartados deste documento. A avaliación global realizarase en 3 momentos:

**Avaliación inicial:** desenvolvida no mes de setembro. Constitúe o punto de partida xa que nos permite coñecer a realidade á que nos enfrontamos, determinando as necesidades do centro e da comunidade educativa, e orientar as intervencións que se vaian a desenvolver no curso.

**Avaliación continua: d**esempéñase ao longo de todo o curso escolar. Permite realizar un seguimento da intervención e ofrécenos información durante todo o proceso, permitindo rectificar e reorientar a nosa actuación.

**Avaliación final: r**ealizada no mes de xuño. Supón a reflexión do proceso realizado permitindo comprobar o grao de logro dos obxectivos, recoller

evidencias da efectividade de intervención e extraer conclusións que senten as bases da proposta de mellora.

As modificacións introducidas e a valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos recolleranse na memoria final, así como tamén as propostas de mellora que se considere oportuno incorporar no plan do curso seguinte.

Vilagarcía de Arousa, a 28 de outubro de 2021

Xefa do dpto. de orientación

Asdo.: Sara Santos Gómez

## ANEXO I.- PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

En cumprimento do disposto na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia os centros docentes desenvolverán programas de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado.

### I. Obxectivos do programa

- Mellorar as relacións sociais e a convivencia no centro.
- Favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e o respecto.
- Mellorar as técnicas de comunicación.
- Lograr un maior autocoñecemento, autocontrol e autorregulamento da propia conduta.

### II. Contidos

- Habilidades de comunicación.
- Asertividade.
- Autoestima.
- Empatía.

### III. Metodoloxía

A metodoloxía do programa é activa e participativa, buscando que o alumnado sexa un axente activo do mesmo. Para iso empregaranse estratexias metodolóxicas baseadas na aprendizaxe cooperativa, a titoría entre iguais, o uso de dinámicas de grupo, o modelado e o diálogo, entre outras.

### IV. Deseño de actividades

- ✓ Descubrindo emocións: Falamos de emocións (que son, funcionalidade, cales coñecemos, hai emocións positivas e emocións negativas?), recoñecemos e representamos emocións.

- ✓ Xogo de negociación: “O naufraxio”.
- ✓ Habilidades de comunicación: Xogos de preguntas e respostas adiviñando personaxes, escoita activa por parellas, comunicación non verbal, descrición dun debuxo ao resto de compañeiros e compañeiras do grupo sen preguntas e posteriormente con preguntas.
- ✓ Empatía: “As gafas máxicas” con unha situación de conflito.
- ✓ Autocoñecemento e autoestima: elaboración de carteis con eslogan publicitario, “O bazar máxico”
- ✓ Asertividade: role-playing con diversas situacións e representación dunha forma de actuar activa, pasiva e asertiva; “O paraugas da asertividade”, técnicas para dicir que non.

### V. Avaliación

- Avaliación inicial: cuestionario previo para coñecer o nivel de partida do alumnado.
- Avaliación continua: durante a posta en marcha para analizar o funcionamento do programa.
- Avaliación final: para coñecer a efectividade do programa e analizar os cambios en relación ao inicio.

### VI. Temporalización

Preferentemente ao longo do segundo e terceiro trimestres.

Así mesmo, como se recolle na Orde do 8 de setembro e tamén no Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia.

### I. Obxectivos

- Favorecer a reflexión do alumnado.
- Adestramento das habilidades sociais básicas.
- Mellorar as relacións interpersoais do alumnado.

## II. Contidos

- **Habilidades cognitivas**: adestramento do alumnado en cinco tipos de pensamentos básicos:
    - Pensamento causal: na habilidade de diagnosticar correctamente os problemas interpersonais.
    - Pensamento alternativo: na capacidade de xerar o maior número posible de solucións.
    - Pensamento consecuencial: na capacidade de prever as consecuencias dos actos e ditos, propios e alleos.
    - Pensamento de perspectiva: na capacidade de poñerse no lugar do outro, de saír do egocentrismo.
    - Pensamento medios-fin: na capacidade de ter obxectivos e saber seleccionar os mellores medios para conseguilos.
- **Crecemento moral**: traballando a clarificación de valores e educando a capacidade de razoamento moral:
    - Clarificación de valores persoais: o propio sistema de valores.
    - Educando a capacidade de razoamento moral.
- **A autoestima**: Concepto de un mesmo e Valoración de nós mesmos como persoas.
- **Habilidades sociais básicas**: adestramento en habilidades sociais básicas: saber escoitar, pedir un favor, presentar unha desculpa, facer un eloxio, recibir unha queixa e saber negociar.

## III. Actividades

Do bloque de habilidades cognitivas: a partir de “historietas cómicas” que propoñen diferentes problemas, pregúntaselle ao alumno sobre as consecuencias, as posibles solucións, que definan a situaciónproblema dende o punto de vista dos distintos protagonistas, que propoñan obxectivos e itinerarios a seguir...

Do bloque de crecemento moral: pídeselle ao alumno/a que responda a unha serie de cuestións: “escribe as tres cousas que máis valoras nos teus compañeiros”, “adiviñar valores”, “como se senten os outros, como me sinto eu”, “conversación con un extraterrestre”, “escribir cousas positivas e negativas

do ser humano", "escribir cinco cousas positivas e negativas que nos pasaron na vida", "o círculo da vida", "o curso da vida pode cambiar", "as falsas crenzas". A partir de diversos "dilemas morais hipotéticos e reais" buscar solucións.

Do bloque de autoestima: "o xogo da autoestima", "e si non me quero", "pensando en min mesmo", "o mellor da miña vida", "o eu ideal", "ensalada de calidades", "as distorsións cognitivas".

Do bloque de habilidades sociais básicas: a partir de diferentes situacións hipotéticas e reais e mediante o "role-playing", se reflexiona e representan situacións que supoñan: "facer eloxios aos demais", "pedir un favor", "desculparse", "recibir unha queixa", "poñerse de acordo".

## IV. Metodoloxía

A metodoloxía será activa onde o alumno/a sexa o principal protagonista, baseándonos tamén no emprego da reflexión e o diálogo como ferramentas de traballo, propoñendo cada actividade como un xogo que favoreza a súa atención e motivación.

## V. Avaliación

Partiremos dunha avaliación inicial a través da aplicación de instrumentos como: "Escala de observación condutual" e "Cuestionario para avaliar a asertividade".

Durante todo o proceso faremos unha avaliación continua, avaliando o traballo do alumno/a, pedíndolle que vaia anotando en cada sesión as ideas que se lle ocorreron e o que aprendeu nun caderno ou carpeta específica para o desenvolvemento do programa...

E ao rematar faremos a avaliación final, para coñecer o avance do alumnado. Pódense pasar de novo os instrumentos de avaliación mencionados.

## VI. Temporalización

Ao longo do curso, cando sexa preciso.

# ANEXO II.- PROGRAMACIÓN PT

# CURSO 2022/23

# Programación

## PARA O ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ACNEAE)

IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR

Vilagarcía de Arousa

## ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN................................................................................................. 32

2. FUNCIÓNS DA MESTRA DE PT ......................................................................... 32

3. ORGANIZACIÓN DA RESPOSTA EDUCATIVA ..................................................... 34

A) NECESIDADES: ..................................................................................34

B) OBXECTIVOS: .....................................................................................35

C) METODOLOXÍA: ..................................................................................36

D) ACTIVIDADES:.....................................................................................37

E) RECURSOS: .........................................................................................38

F) AVALIACIÓN:.......................................................................................38

G) MODALIDADE DE APOIO:....................................................................40

H) TEMPORALIZACIÓN: ...........................................................................41

I) ALUMNADO CON NEAE: ........................................................................ 42

4. CONCLUSIÓN .................................................................................................. 77

ANEXOS :

***ANEXOS***

- ORIENTACIÓNS PARA PROFESORADO DE ALUMNADO CON TDAH…..26

- ORIENTACIÓNS PARA PROFESORADO DE ALUMNADO CON HIPOACUSIA…32

- ORIENTACIÓNS PARA PROFESORADO DE ALUMNADO CON TEA…….38

- ORIENTACIÓNS PARA PROFESORADO DE ALUMNADO CON PARÁLISE CEREBRAL………………………...……..……………………44

ORIENTACIÖNS PARA PROFESORADO DE ALUMNADO CON SÍNDROME DE DOWN……………………………………………………………….46

# PROGRAMACIÓN PARA O ALUMNADO CON N.E.A.E

# CURSO 2022- 23

## 1. INTRODUCIÓN

Neste documento preséntanse aqueles aspectos relacionados coa **programación** que a mestra de **Pedagoxía Terapéutica** levará a cabo no **IES Armando Cotarelo Valledor** (Vilagarcía de Arousa) tanto no caso dun ensino presencial, semipresencial ou a distancia.

Reflíctense as estratexias a seguir, a metodoloxía, a temporalización, os obxectivos e a organización da resposta educativa. Expóñense as **actuacións** a realizar co alumnado que precisa unha axuda determinada e que grazas ós principios de **normalización** e **inclusión** están presentes nas aulas ordinarias dos centros educativos, tal e como se recollen nas normativas vixentes, tanto autonómicas como estatais.

No tocante ás datas do período escolar, contextualización do centro, o seu organigrama,as súas características,os recursos e a atención ó alumnado con NEAE, remito ó **Proxecto Educativo**, á **Programación Xeral Anual** e á **Programación do Departamento de Orientación** na cal se inclúe este documento.

## 2. FUNCIÓNS DA MESTRA DE PT

O **desenvolvemento das capacidades** cognitivas, motrices, comunicativas, emocionais e de inserción social do alumnado, constitúe o obxectivo fundamental da nosa actuación. Segundo as características específicas do alumno/a que reciba o apoio, distinguiranse dous tipos de actuacións, tanto de carácter pedagóxico, curricular e organizativo, como relativas á utilización dos recursos específicos.

O campo de actuación da mestra de PT, queda enmarcado dentro dun modelo de **colaboración conxunta** cos outros profesionais da educación (titor, especialistas, orientadora, ARCO, PROA…) e coas familias, contextualizado dentro dos espazos naturais de desenvolvemento do alumno/a, co fin de proporcionarlle o reforzo pedagóxico necesario para a consecución con éxito dos obxectivos propostos. Terase en conta que o intercambio de información e o establecemento de pautas de actuación sexan conxuntas e o máis coordinadas posible, sempre tendo en conta a forma de actuación (presencialidade, semipresencialidade o a distancia).

As estratexias baséanse na colaboración, de xeito que toda a comunidade escolar e os diferentes servizos educativos e profesionais que participen na atención do alumnado se sintan implicados, tendo presente o papel primordial da figura dos titores en toda a actividade educativa do grupo como axente principal da mesma. Este traballo colaborativo desenvolverase a través de diversas xuntanzas que favorezan o **intercambio fluído de información e propostas**.

Ao comezo de curso levarase a cabo unha **avaliación inicial** do alumnado, que xunto coa **avaliación psicopedagóxica** daqueles alumnos que o precisen, determinará a elaboración e revisión da Adaptación Curricular Significativa en caso necesario, as cales realizará o profesor da área adaptada, en colaboración co titor/a e o DO. Todo isto co fin de proporcionar unha **resposta** o máis **axustada** posible **ás** súas **necesidades**. Estas deberán ser o máis normalizadas posibles, axeitándose en todo momento ó ritmo de aprendizaxe e ás necesidades detectadas do alumnado e en función das súas capacidades, intereses e motivacións.

Tendo en conta todo o anterior escollerase a **modalidade de apoio** que se considere máis beneficiosa para o alumnado. A intervención realizarase ao longo deste curso, tendo en conta o problema do Covid-19, na aula de apoioo una aula ordinaria, se é posible constituíndo un apoio directo ao alumno/a, sempre en coordinación co profesor/a de aula ou área, pretendendo así apartar o menos posible ao alumno/a do currículo ordinario. Nos alumnos/as que teñan ACS, o traballo rexerase polo ditado neste documento, mantendo un contacto permanente co titor/a ou profesor especialista.

A **mestra de PT** deberá realizar, entre outras, as seguintes **tarefas**, tal e como se expón no **D.120/1998 do 23 de abril**, no que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional:

- Contribuir na **identificación e avaliación** das **NEAE**.
- Atender directamente ao alumnado con NEAE en forma de **reforzó pedagóxico** ou no modo que se determine (realizando programas de prevención das dificultades de aprendizaxe, de modificación de conduta… en colaboración co DO ou o resto do profesorado), tendo en conta as súas características e necesidades.
- **Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica**.
- **Colaborar** cando sexa necesario cos titores ou profesores especialistas **na elaboración das adaptacións curriculares significativas**, no seu **seguimento e avaliación**.
- Aquelas funcións que se nos asignen como apoio ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## 3. ORGANIZACIÓN DA RESPOSTA EDUCATIVA

En todo momento haberá **coordinación** entre os profesionais que van atender ó alumnado, cun intercambio de información e o establecemento de **pautas de actuación conxuntas**.

A miña función é **reforzar**a **programación ordinaria** e, nas sesións levadas a cabo na aula de apoio, **traballar** individualmente co alumnado uns **obxectivos específicos**, buscando satisfacer unha serie de necesidades que presenta segundo as pautas establecidas na súa adaptación curricular significativa.

### A) NECESIDADES:

Establécense as seguintes **necesidades** a traballar:

* Necesitan que se desenvolvan (dentro das súas posibilidades) os **procesos cognitivos básicos** (memoria, atención e concentración).
* Necesitan descubrir a **funcionalidade das aprendizaxes** escolares e **xeneralización** das mesmas.
* Necesitan adquirir as **destrezas básicas** para mellorar a súa competencia a nivel curricular.

* Necesitan dunha **organización do seu traballo** diario, tanto no centro coma na casa.
* Necesitan traballar a **linguaxe non verbal**: xestos, expresión corporal, o contacto ocular…
* Necesitan adquirir e desenvolver **habilidades sociais e** respectar as **normas** establecidas.
* Necesitan adquirir e desenvolver habilidades básicas de **autonomía persoal (alimentación, hixiene…)**

* Necesitan aceptar ós seus compañeiros e buscala **interacción** con eles.
* Necesitan que se respecte o seu **ritmo de aprendizaxe**, esixíndolle acorde ás súas posibilidades e limitacións.
* Necesitan que dende o ámbito familiar fomenten a súa **independencia**, seguindo unhas mesmas pautas.

## B) OBXECTIVOS:

Tendo en conta as necesidades do alumnado, establécense os seguintes **obxectivos xerais**:

* Facilitar ao alumnado o **acceso ao currículo**.

* Adoptar as **medidas organizativas e recursos** persoais e materiais do centro que faciliten a atención á diversidade.
* Garantir a **integración** social e escolar.

* Fomentar o desenvolvemento das **aprendizaxes** básicas **instrumentais**.

* Establecer criterios de avaliación axeitados ás necesidades do alumnado.

* Fomentar **actitudes participativas**.

* Contribuír ao **desenvolvemento emocional** do alumnado.

* Desenvolver **habilidades sociais** propias da idade do alumnado.

* Mellorar o **autoconcepto e a autoestima** do alumnado.

* Favorecer o bo clima social da aula.

* Desenvolver as aprendizaxes básicas funcionais que lles permitan vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.
* Establecer técnicas específicas para a adquisición da linguaxe oral, escrita, razoamento e cálculo.
* Fomentar o hábito e o gusto pola **lectura**.

* Mellorar as **competencias lectoras**: comprensión, velocidade e fluidez.
* Acadar un nivel axeitado de **comprensión e expresión oral** para comunicarse e para facilitar a aprendizaxe nas distintas materias.

* Priorizar as **aprendizaxes matemáticas funcionais**: dominio do número, operacións básicas, resolución de problemas….
* Traballar os **prerrequisitos básicos para a aprendizaxe** (atención, percepción, memoria…).
* Potenciar a **colaboración das familias** no proceso educativo dos seus fillos/as.

* Garantir un coñecemento real e positivo das posibilidades e limitacións dos seus fillos/as.
* Fomentar a súa relación, participación e contacto cos distintos membros da comunidade educativa.

## C) METODOLOXÍA:

A **metodoloxía** basearase nos seguintes **principios de intervención**:

* Partirase do nivel de competencia curricular e de desenvolvemento do alumnado, traballando dentro da súa zona de desenvolvemento próximo.

* Promoverase a actividade mental do alumnado tendo en conta o seu potencial de aprendizaxe e outorgándolle na medida do posible autonomía á hora de traballar, de forma que o alumnado sexa un suxeito activo.
* Favorecerase no alumnado a curiosidade e o interese por aprender, tratando de que as aprendizaxes sexan motivadoras.
* Fomentaranse as aprendizaxes significativas.
* Garantirase a funcionalidade das aprendizaxes.
* Organizaranse os contidos mediante un enfoque globalizador.
* Potenciarase a interacción e a integración entre o alumnado.
* Fomentarase unha autoestima e un autoconcepto positivos.
* Estableceranse pautas de comportamento claras e concisas.
* Evitaranse condutas sobreprotectoras para garantir no alumnado unha vida autónoma e independente no seu contorno máis próximo.

### D) *ACTIVIDADES*:

Na elaboración das **actividades** teremos en conta que:

* Sexan **motivadoras, variadas e dinámicas**.
* Estimulen a participación, solidariedade e non discriminación.
* Promovan a actividade mental do alumnado.
* Integren contidos de distinto tipo.
* Presenten grados de dificultade axustados e progresivos.
* Admitan niveis diferentes de intervención.
* Poidan resolverse empregando distintos enfoques.
* Admitan a interacción do alumnado.

* Permitan a **xeneralización das aprendizaxes**.

## E) RECURSOS:

Os **recursos** a empregar serán o máis **variados e estimulantes** posible para motivar ao alumnado e evitar caer na rutina. Preténdese a **participación activa** e procurarase o uso daqueles materiais que mellor **se adapten ás características e necesidades persoais** do alumnado e do momento (presencialidade,semipresencialidade o a distancia). Se fose necesario, elaborarase ou tentarase conseguir o material específico que sexa requirido.

Entre os **recursos humanos** contamos con titores, profesorado especialista, departamento de orientación, equipo directivo, organismos, institucións (DOWN SANTIAGO, ONCE…), familias… etc.

Entre os **materiais** estarían os documentos do centro, coma o**ProxectoEducativo** (dentro do cal se inclúen o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade, o Plan de Convivencia, o Plan Lector, ...) e outros como **escalas de observación**, **probas diagnósticas**, **cuestionarios**, **material escolar variado**, **material** de tipo **informativo** sobre dita deficiencia, problemas de conduta e sobre a Síndrome de Down e distintas **técnicas de modificación de conduta**, **bibliografía específica**, **lexislación**, etc.

No caso do ensino a distancia contaremos comohai dous cursos co programa Wevex Cisco para as videoconferencias, os correos electrónicos asi como os móbiles

## F) AVALIACIÓN:

En canto á **avaliación**, constará de tres momentos: **inicial, continua e final**, constituíndo un **proceso continuado**, nin puntual nin illado, onde se achegará unha información valiosa.

A avaliación inicial axudará a coñecer o punto de partida do alumnado:

capacidades adquiridas, dificultades que presentan, estilo cognitivo, etc. Coa avaliación formativa e continua comprobarase a evolución do alumnado, a detección de novas necesidades grupais ou individuais, así como a efectividade do programa en relación cos obxectivos establecidos. A avaliación final informará do grao de adquisición dos obxectivos previstos así como a detección de dificultades no mesmo de cara ó vindeiro curso.

Este proceso de avaliación debe abarcar ao **alumnado e profesorado**, xa que a práctica educativa engloba a ambos, e achega datos que poden servir para modificar aqueles aspectos deficitarios ou enriquecer con outros nos que se abriron novas vías de actuación (**Orde do 21 de decembro de 2007**, pola que se regula a avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria, establecéndoa como **global, continua, formativa e diferenciada, Orde do 23 de xuño de 2008** que modifica os artigos 6 e 7 da anterior, e a **Orde do 31 de outubro de 1996**: avaliación psicopedagóxica).

Serán **obxecto de avaliación**:

* O **grao de consecución** dos **obxectivos**.
* A **pertinencia das actividades** e estratexias propostas e deseñadas.
* As modificacións realizadas durante o proceso no desenvolvemento do plan e a súa efectividade.

Serán **instrumentos e técnicas de avaliación**:

* A análise das actas de **reunións do departamento de orientación**.
* A análise dos **programas realizados e materiais** elaborados.
* A análise dos **informes** realizados.
* Os debates para recoller a **opinión de profesorado e alumnado** sobre a actuación dos membros do departamento.
* A **memoria final**.

Para levar a cabo o proceso avaliativo rexerémonos polos **criterios de**

**avaliación** establecidos para a etapa con carácter xeral para todo o alumnado no **Decreto 86/2015**, polo que se establece o currículo para a ESO, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o establecido na Orde do 21 de decembro de 2007, o alumnado que non promociona ao ano seguinte, deberá seguir un “Plan de recuperación” das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das Competencias básicas; e o alumnado que promocione de curso sen superar todas as materias, seguirá un “Programa de reforzo” para recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ó mencionado programa.

Realizarase un **seguimento trimestral das ACS** xunto co profesor de materia antes da xuntanza de avaliación ou cando sexa necesario co obxectivo de valorar os apoios e axustar mellor as adaptacións nos casos que sexa necesario. Así mesmo, cada alumno/a contará cun **informe final** que reflicta os obxectivos traballados e acadados, sendo punto de referencia para o curso seguinte.

O **seguimento** realízase a través de **reunións periódicas** cos titores, profesorado de materia e outros profesionais que participen na súa aprendizaxe, así como coa participación nas **sesións de avaliación** dos grupos nos cales existan necesidades educativas especiais, **reunións coas familias** e titores legais e **revisión constante** dos problemas máis frecuentes e posibles erros.

### G) MODALIDADE DE APOIO:

A **modalidade de apoio debería realizarsedentro da aula ordinaria** e na clase de referencia**.** E para realizar aprendizaxes máis específicas que requiran un tratamento individualizado co alumnado, ou se plantexe a necesidade de recursos non presentes neste espazo utilizaráse a aula de apoio. No tocante ós **horarios**, tentaremos seguir os da clase de referencia do alumnado que reciba o apoio para **favorecer a normalización e inclusión**. Os **apoios** serán **flexibles** para poder cambialos e modificalos segundo aparezan ou desaparezan as necesidades ao longo do curso.

## H) TEMPORALIZACIÓN:

Temporalizaremos as nosas actuacións ao longo dun curso académico en tres momentos:

**Primeiro trimestre:**

- Revisión de documentos e recompilación de información de diferentes fontes

(profesorado, familia, informes…) detectando necesidades e colaborando nas avaliacións psicopedagóxicas que se determine dende o DO.

- Valorar se os recursos son suficientes e adecuados para o traballo diario e responden ás necesidades.
- Organización dos espazos a utilizar cos alumnos con NEAE.
- Organización e coordinación dos apoios.
- Deseño da intervención a través de distintas medidas de atención a diversidade
  (RE, Ac e Programas de Recuperación

- Coordinación co DO, titores, familias…

- Participación nas reunións do DO, CCP e claustro.

**Segundo trimestre:**

- Deseñar materiais que favorezan o desenvolvemento do alumnado nas diferentes áreas e propoñer a adquisición de novos materiais.
- Coordinación co DO, titores, familia, axentes externos...

- Seguimento continuo da intervención co alumnado modificando ou mantendo

obxectivos, estratexias, tempos, recursos...

- Avaliación continua das aprendizaxes adquiridas, participando nas sesións de avaliación.
- Participación nas reunións do DO, CCP e claustro.

**Terceiro trimestre:**

- Avaliación final do grao de consecución dos obxectivos previstos para o alumnado.
- Colaboración na avaliación final e decisións de promoción ou permanencia.
- Elaboración final de informes sobre os alumnos.
- Valorar a adecuación das medidas desenvoltas.
- Propoñer a continuidade ou a modificación de ditas medidas.
- Recollida de aspectos organizativos e/ou curriculares na memoria final da aula de apoio, máis eficaces para mantelos de cara ao vindeiro curso. Propostas de mellora.
- Participación nas reunións do DO,CCP e claustro

## I) ALUMNADO CON NEAE:

En primeiro lugar comezaremos por definir que se entende por alumnos con NEAE, tendo en conta as definicións da LOE e do Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade.

A LOMCE dentro do Título II denominado Equidade en Educación, dedica o seu Capítulo 1 (art. 71 ó 79) ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) entendendo por tal aos alumnos que requiran dunha atencióneducativa diferente á ordinaria por presentar: NEE, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ó sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar **(art.71.2)**

Segundo o artigo 73 entenderase por alumnos con NEE: aqueles que requiren por un período da súa escolarización, ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

Así pois, o alumnado que, nun principio, precisa apoio dos mestres/as de pedagoxía terapéutica é o seguinte:

## LISTAXE DE ALUMNADO CON NEAE, ATENDIDOS POR PT, AL, A.T.E.

- Ordenados por nivel educativo, do menor ao maior.
- Na columna de NEAE, especificarase non soamente o “diagnóstico”, “patoloxía” ou “xuízo clínico”, senón a enumeración das necesidades más salientables derivadas do citado diagnóstico que dirixen o plan de intervención dos profesionais responsables da atención do ACNEAE. A definición destas necesidades incluídas nos programas de intervención de PT/AL facilitará a elaboración dos agrupamentos fora da aula, que deberán ser congruentes coas mesmas.
- Na columna de medidas ordinarias /extraordinarias, de ser obxecto de AC, consignáranse as áreas adaptadas.
- Na columna PI (programa de intervención), consignarase a existencia do mesmo ou non. Axuntándoo sempre que exista.
- Na última columna: profesionais encargados da intervención, lugar e nº de sesións, deberán consignarse necesariamente todos os aspectos, incluíndo de ser o caso P.O. (profesorado ordinario).

| Alumno/a | CURSO E GRUPO | DESCRIPCIÓN DAS NECESIDADES DERIVADAS DO DIAGNÓSTICO | MEDIDAS ORDINARIAS/ EXTRAORDINARIAS | Profesionais encargados da intervención, lugar e nº de sesións (individual/grupal) |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Antía A.** | **1º ESO A** | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe.**<br>-Dificultades de comprensión e razoamento | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria | **-Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |
| **Ángel A.** | **1º ESO A** | **Alumno con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>-Repite 1º ESO | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria<br>- Plan de alumno repetidor | **-Profe MAT. : 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).**<br>**-Profe LC:1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),**<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |
| **Mariana C.** | **1º ESO A** | **Alumna con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>-Estranxeira escolarizada no último trimestre do curso pasado<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>- Repite 1º ESO | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria<br>- Plan de alumna repetidora | **-Profe MAT. : 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).**<br>**-Profe LC:1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE)**<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **IVÁN H.** | **1º ESO A** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe.**<br>-Dificultades de comprensión e razoamento.<br>-Moi tímido, non participa nada, nin pregunta.<br>-Moi lento academicamente.<br><br>-Repetiu 3º Primaria<br>Trae suspensas de 6º de primaria: matemáticas, C. Naturais e C.Sociais | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria | **-Profe MAT. : 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).**<br>**-Profe LC:1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),**<br><br>TOTAL: 2 SESIÓNS |
| **SHEILA M.** | **1º ESO A** | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe.**<br>**-**Operación reducción craneo, válvulas<br>-Dificultades de razoamento nas matemáticas.<br>-Dificultades de pensamento lóxico – matemático.<br>-Problemas motrices, tanto na fina como na grosa<br>-Certa falta de habilidades sociales, moi arisca.<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo | -APOIO DA PT: ACs<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria | **-P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. (L. C e Mat.)<br>-1 sesión individual en LI na aula PT<br>-3 sesións en matemáticas grupal na aula PT<br>-1 sesión en LC grupal na aula PT<br>-1 sesión en LG grupal na aula PT<br>TOTAL: 8 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Repetiu 3º Primaria e ten AC en Mat desde 4º e en 5º fíxoselle en Ed. Artística,CC.NN. E CC.SS.- | | |
| **MANUEL R.** | **1º ESO A** | **Alumno con NEAE derivadas das súas condicións persoais e dificultades de aprendizaxe.**<br>**-** Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br><br>-Repetiu 6º Primaria<br>-Trae suspensas de 6º de primaria: L.Inglés, C. Naturais e C.Sociais | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria | **-**P.T: 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. (L. C e Mat.)<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Jesús G.** | **1º ESO B** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>**-**Conducta infantilizada, inmaduro, consentido<br>-Dificultades de comprensión , dicción, expresión e razoamento.<br>-Problemas de articulación, dificultades cos sinfóns.<br>-Retraso madurativo<br>-Precisa mellorar os procesos psicolóxicos básicos (atención, precepción e memoria)<br>-Reforzar a lectoescritura<br>-Falta de habilidades sociales.<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de traballo e estudo.<br>-Desfase curricular<br><br>- Acs. En todas as materias na Educación Primaria.<br>- Non traballou a materia de L.G nin a LI en primaria | -APOIO DA PT: Acs<br>-R.E. na aula ordinaria<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **-P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. (L. C e Mat.)<br>-1 sesión en Bio/Xeo grupal en aula PT<br>-1 sesión grupal en LI na aula PT<br>-1 sesión en Xeo/ HI grupal na aula PT<br>-3 sesións en matemáticas grupal na aula PT<br>-2 sesión en LC grupal na aula PT<br>-2 sesión en L.G grupal na aula PT<br>- 2 sesións en Tec. Grupal na aula PT<br>TOTAL:14 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Nizan G.** | **1º ESO B** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br><br>-Posible TDA ?<br>-Dificultades na lectoescritura | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria | **-Profe BIO. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |
| **África R.** | **1ºESO B** | **Alumna con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br>-Repite 1º ESO | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria<br>- Plan de alumna repetidora | **-Profe BIO. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |
| **NATALIA R.** | **1ºESO B** | **Alumna con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>-Dificultades de integración<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br>-Repite 1º ESO | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria<br>- Plan de alumna repetidora | **-Profe BIO. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ADRIÁN S.** | **1º ESO B** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe.**<br>-Dificultades de comprensión, sobre todo, nas linguas.<br>-Problemas de razoamento<br>-Baixa autoestima<br>-TDAH<br><br>-Repetiu 1º de Primaria<br>- Pasou con suspensas en 5º LI, LC e LG, recibindo RE tamén en matem.<br><br>-Trae suspensas de 6º de primaria: L.Castelá, L.Galega, L.Inglesa, e matemáticas. Recibindo RE | APOIO DA PT: Acs<br>-R.E. na aula ordinaria<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>- Protocolo TDAH | **-P.T: 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. (L. C e Mat.)**<br>-1 sesión grupal en LI na aula PT<br>-1 sesión en Xeo/ HI grupal na aula PT<br>-1 sesión grupal en Bio/Xeo na aula PT<br>-2 sesión en LC grupal na aula PT<br>-2 sesións en L.G grupal na aula PT<br>- 2 sesións grupal en Mat. na aula PT<br><br>**TOTAL:11 SESIÓNS** |
| **Guadalupe A.** | **1º ESO C** | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe.**<br>-Dificultades nas linguas.<br>- Disortografía .<br>- Trae suspensas de 6º de primaria: L.Castelá, L.Galega | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-RE. na aula ordinaria.<br>-Protocolo de TDAH | **--P.T: 1 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. (L. C)**<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE), |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | -TDAH, diagnosticada a finais do curso pasado | | TOTAL: 2 SESIÓNS |
| **Jessica dos S.** | **1º ESO C** | **Alumna con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>-Necesidade de activar o protocolo de absentismo.<br>--Trae suspensas de 6º de primaria: L.Inglés, C. Naturais | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>R.E. na aula ordinaria | **-Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |
| **Alba G.** | **1º ESO C** | **Alumna con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br>-Repetiu 3º Primaria<br>Trae suspensas de 6º de primaria as matemáticas | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria | **-Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 sesións |
| **Adan M.** | **1º ESO C** | **Alumno con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>Necesidade de activar o protocolo de absentismo.<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br>-Repite 1º ESO | R.E. na aula ordinaria<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de alumno repetidor | **-Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Iván M.** | **1º ESO C** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Dificultades de comprensión , expresión e razoamento.<br>-TEA con retraso madurativo<br>-Precisa reforzar a lectoescritura<br>-Baixa autoestima<br>-Extrovertido e con HH.SS.<br>-Traballador<br>- Acs. Nas linguas(L.C, L.G.e L.I) e en matemáticas na Educación Primaria. | -APOIO DA PT: Acs<br>-R.E. na aula ordinaria<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>- Protocolo TEA | **-P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. (L. C e Mat.)<br>-1 sesión en Bio/Xeo grupal en aula PT<br>-1 sesión grupal en LI na aula PT<br>-1 sesión en Xeo/ HI grupal na aula PT<br>-2 sesións en matemáticas grupal na aula PT<br>-2 sesión sen LC grupal na aula PT<br>-2 sesións en L.G grupal na aula PT<br>TOTAL:11 SESIÓNS |
| **Camilo R.** | **1º ESO C** | **Alumno con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br>-Repite 1º ESO | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria<br>-Plan de alumno repetidor | **-Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 Sesións |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **César R.** | **1º ESO C** | **Alumno con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br>-Trae suspensas de primaria matemáticas e ciencias naturais | R.E. na aula ordinaria<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **-Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 Sesións |
| **Lara Mª S.** | **1º ESO C** | **Alumna con NEAE derivadas de condicións persoais e a súa falta de atención**<br>**-**TDA<br>-Disléxica<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br>-Repetiu 3º de primaria | R.E. na aula ordinarianas linguas (LC e LG)<br>-EXENCIÓN 2ª L.E. | **-Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 Sesións |
| **Xavi. A.** | **1º ESO D** | **Alumno con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>**-**Dificultades para o razoamento matemático<br>**-**Trae suspensas as matemáticas de 6º de primaria | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria | **Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 Sesións |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **David C.** | **1º ESO D** | **Alumno con NEAE derivadas de condicións persoais.**<br>-Dificultades en L.C.<br>**-**TDAH<br>-Disléxico<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo. | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria<br>- Protocolo TDAH | **Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 S |
| **Roberto M.** | **1º ESO D** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>**-** Dificultades de atención<br>-Mala caligrafía<br>-Trae suspensas as matemáticas de 6º de primaria<br>-Epilepsia, ausencias e mareos. Desplómase | -R.E. na aula ordinaria<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:** 1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>TOTAL: 2 Sesións |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Gustavo O.** | **1º ESO D** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>**-**Absentismo escolar<br>**-** Alumno repetidor | EXENCIÓN 2ª L.E<br>-R.E. na aula ordinaria<br>-Plan de alumno repetidor | -**Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br><br>TOTAL : 2 SESIÓNS |
| **Mauricio S.** | **1º ESO D** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>Falta de traballo, moi vago<br>**-**TDA<br>-AC en Mat,LC, LG e LI en primaria<br>-Repetiu 2º curso de primaria<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br>-Manipulador de adultos | APOIO DA PT: Acs<br>-R.E. na aula ordinaria<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. (L. C e Mat.)<br>-1 sesión grupal en LI na aula PT<br>-1 sesión grupal en Bio/ Xeona aula PT<br>-3 sesións en matemáticas grupal na aula PT<br>-2 sesión en LC grupal na aula PT<br>- 2 sesión en L.G grupal |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | na aula PT<br>**TOTAL:11 SESIÓNS** |
| **Iker T.** | **1º ESO D** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Problema grave conductual<br>-Desfase curricular<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br><br>-Repetiu 1º de primaria<br>-Pasou 2º con todas suspensas<br>-En 3º se lle fixo Acs en LC,LG,LI,Mat; CCSS e CCNN | -APOIO DA PT: Acs R.E. na aula ordinaria<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. (L. C e Mat.)<br>-1 sesión grupal en LI na aula PT<br>-1 sesión grupal en Bio/Xeo na aula PT<br>-3 sesións en matemáticas grupal na aula PT<br>-2 sesión en LC grupal na aula PT<br>- 2 sesión en L.G grupal |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | na aula PT<br>**TOTAL:11 SESIÓNS** |
| **Marcos B.** | **2º ESO A PMAR** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-TDAH<br>-Infantil<br>– Dificultades de razoamento e expresión<br><br>Repetiu 1º ESO e 6º de primaria<br>Pendentes 1º ESO: Bio, X e H, L.Castelá, Plastica. | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Protocolo TDAH<br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. (L. C e Mat) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Hugo C.** | **2º ESO A PMAR** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Grandes dificultades de comprensión e expresión<br>-Dificultades de razoamento<br>- Desfase curricular<br>-TDAH<br><br>Repetiu 1º ESO<br>Pendentes 1º ESO: Bio, X e H, matemáticas. | -EXENCIÓN 2ª L.<br>-Protocolo TDAH<br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. (L. C e Mat) |
| **Evelyn da C.** | **2º ESO A PMAR** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br><br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br><br>Repetiu 6º de primaria<br>Pendentes 1º ESO: X e H, L.Castelá e matemáticas. | -R.E. na aula ordinaria<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Jennifer D.** | **2º ESO A PMAR** | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e problemas socio-emocionais.**<br>**-**Dificultades de atención e concentración<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br><br>Repetiu 1º ESO<br>Pendentes 1º ESO: Bio, X e H, L,Inglés, E.F, matemáticas, plástica. | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE) |
| **Xiao J.** | **2º ESO A PMAR** | **ALUMNO con NEAE derivadas de condicións persoais**<br>-complicada situación familiar e emocinal.<br>-Dificultades para concentrarse.<br>-Moi lento na realización das tarefas.<br>-Dificultades de interacción social cos iguais.<br><br>Repetiu 1º ESO<br>Pendentes 1º ESO: Bio, X e H, e matemáticas | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Naiara S.** | **2º ESO A<br>PMAR** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>- Trastorno de aprendizaxe<br>-Repetiu 3º ou 4º de primaria<br>-Dificultades co razoamento lóxico-matemático<br>-Dislexia<br><br>Pendentes 1º ESO: Bio, X e H, L,Inglés, L.castelá. | -EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE) |
| **Jesús G.** | 2º ESO A | **Alumno con NEE derivadas do TEA que padeca ( trastorno de autismo atípico)**<br><br>-TEA- Ásperger<br>-Pouco flexible<br>-AA.CC. | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-Protocolo TEA | **-P.T:** 1 sesión L.G en aula 2º ESO A<br>- 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO A<br>-1 sesión de L. castelá en aula 2º ESO A<br>TOTAL: 4 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **XULIO V.** | 2º ESO A | **Alumno con NEE derivadas do TEA que padece (Tastorno de autismo atípico)**<br>**-**Dificultades a nivel social<br>-Precisa mellorar a grafía<br>-Abstráese con facilidade o que propicia que tarde en empezar as tarefas. | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-Protocolo TEA | **-P.T:** 1 sesión L.G en aula 2º ESO A<br>- 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO A<br>-1 sesión de L. castelá en aula 2º ESO A<br>TOTAL: 4 SESIÓNS |
| **Daniela A.** | 2º ESO B | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe.**<br>**-**Dificultades de comprensión e expresión.<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br><br>Pendentes 1º ESO: L,Inglés, L. Castelá | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **-P.T:**<br>- 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO B<br>**Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>TOTAL 4 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Jose A.** | 2º ESO B | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe.**<br>**-**Grandes dificultades de comprensión e razoamento<br>-Dificultades no aprendizaxe<br>-Dificultades cognitivas<br>- Tímido, non pregunta, pasa desapercibido.<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo.<br><br>Repite 2º de ESO | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de alumno repetidor | **-P.T:** 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO B<br>**Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>TOTAL 4 SESIÓNS |
| **Sofía B.** | 2º ESO B | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe.**<br>**-**Dificultades de comprensión e expresión.<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo e traballo.<br>-Pasou ao instituto Con LG e LC suspensas<br><br>Pendente 1º ESO: L.C. | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br><br>-Plan de recuperación de materia pendente | **-P.T:** 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO B<br>**Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>TOTAL 4 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Antía D.** | 2º ESO B | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>**-**Dificultades de comprensión<br>**-** Moi traballadora e implicada | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **-P.T:** 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO B<br>**Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>TOTAL 4 SESIÓNS |
| **Tamara G** | 2º ESO B | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais**<br>**-** Dificultades de comprensión e expresión<br>- dificultades co razoamento matemático<br>**-**Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo e traballo.<br>**-** Pasou ao insti coas tres linguas suspensas<br>**-** Repetiu 1º ESO | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **-P.T:** 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO B<br>**Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>TOTAL 4 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Manuel G** | 2º ESO B | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br><br>**-**Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>-Dificultades de concentración, falta de atención. | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **-P.T:** 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO B<br>**Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>TOTAL 4 SESIÓNS |
| **Miguel P.** | 2º ESO B | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br><br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>**-** Desmotivación académica<br><br>**-** Repite 2º ESO | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de alumno repetidor | **-P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T<br>- 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO B<br>TOTAL: 4 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Iria P.** | 2º ESO B | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br><br>-Moi traballadora, moito esforzo | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **-P.T:** 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO B<br>**Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>-**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>TOTAL 4 SESIONS |
| **David R.** | 2º ESO B | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>- Dificultades de concentración, falta de atención.<br>-Desmotivación académica<br><br>REPITE 2º ESO<br>Pendentes 1º ESO: L,Inglés, | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de alumno repetidor<br>-Plan de recuperación de materia pendente | **-P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T<br>- 2 sesións MATEMÁT. en aula 2º ESO B<br>TOTAL: 4 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Roi B.** | 2º ESO C | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>- Problemas conductuais no centro<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>- Dificultades de concentración, falta de atención.<br><br>-Desmotivación académica.<br><br>- Repetiu 1º ESO<br>Pendentes 1º ESO: X e H, L,Inglés, L.castelá. | -APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T<br>- 1 sesión MATEMÁT. en aula 2º ESO C<br>TOTAL: 3 SESIÓNS |
| **Hugo C.** | 2º ESO C | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br><br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br><br>-Repite 2º ESO<br>-Pendente 1º ESO: LC | APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de alumno repetidor<br>-Plan de recuperación de materia pendente | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>**-Profe LC: 1** sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>- 1 sesión MATEMÁT. en aula 2º ESO C<br>TOTAL: 3 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Noemi C.** | 2º ESO C | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>**-**Moito esforzo e traballo<br><br>-Entrou no instituto coa LG suspensa | APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>**Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE).1 sesión MATEMÁT. en aula 2º ESO C<br>TOTAL:3SESIÓNS |
| **Ruben D.** | 2º ESO C | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br><br>-Dificultades grafomotrices e comportamentales<br><br>**-** Repite 2º ESO | APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de alumno repetidor | **.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T<br>- 1 sesión MATEMÁT. en aula 2º ESO C<br>TOTAL: 3 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Noelia F.** | 2º ESO C | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Trastorno de aprendizaxe e deficit de atención<br>-Baixa autoestima<br>-Inseguridade<br>-Dificultade nas Matemáticas<br><br>-Veu ao insti coas mates suspensas<br>-Pasa coa LC suspensa de 1º ESO | APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de recuperación de materia pendente | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>**-Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>1 sesión MATEMÁT. en aula 2º ESO C<br>TOTAL: 3 SESIÓNS |
| **Sofía G** | 2º ESO C | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais**<br>-Dificultades no razoamento lóxico matemático<br><br>Veu ao insti coa LG suspensa | APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>**-Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>- 1 sesión MATEMÁT. en aula 2º ESO C<br>TOTAL: 3 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Tania G.** | 2º ESO C | **Alumna con NEAE derivadas de condicións persoais –desventaxa social**<br><br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>- Bo razoamento matemático<br>– Repetiu 5º curso de primaria<br>– -Pasou ao insti coa Ll suspensa<br>- Repetiu 1º ESO | APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>**-Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>- 1 sesión MATEMÁT. en aula 2º ESO C<br>TOTAL: 3 SESIÓNS |
| **David O.** | 2º ESO C | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Dislexia<br>-Pouca autonomía no traballo individual | APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>**-Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>- 1 sesión MATEMÁT. en aula 2º ESO C<br>TOTAL: 3 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Samuel N.** | 2º ESO C | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>- Dificultades de concentración, falta de atención.<br>**-**Desganado e abandonado desde primaria<br>**-**Repite 2º ESO | APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de alumno repetidor | **.PT:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T<br>- 1 sesión MATEMÁT. en aula 2º ESO C<br>TOTAL: 3 SESIÓNS |
| **Álvaro P.** | 2º ESO C | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>**-**Dificultades sociais e as veces de integración<br>-Tímido<br>-Non pregunta, pasa desapercibido<br>-Repite 2º ESO | APOIO DA PT: RE na aula ordinaria.<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de alumno repetidor | **Profe Mat:** 1 sesión grupal (Ex.2º LE)<br>**-Profe LC:** 1 sesión grupal ( Ex. 2º LE)<br>- 1 sesión MATEMÁT. en aula 2º ESO C<br>TOTAL3SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **DANIEL B.** | **2ºESO D** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e problemas disruptivos.**<br>**-** Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>- Dificultades de concentración, falta de atención.<br>- Dificultades de comprensión lectora<br>-Problemas de razoamento lóxico-matemático.<br>-Desmotivación académica, falta de interés<br><br>-Repetiu 6º de primaria e 1º ESO | -APOIO DA PT: RE<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **-P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.Te 3 sesións (MATEMÁTICAS)<br>en grupo na aula PT<br>TOTAL5SESIÓNS |
| **Pablo B.** | **2ºESO D** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br><br>Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>- Dificultades de concentración, falta de atención.<br><br>**-**Ten duas materias pendentes de 1º ESO<br>**-**Repite 2º ESO | APOIO DA PT: RE<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de recuperación de materias pendentes<br>-Plan de alumno repetidor | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T e 3 sesións (MATEMÁTICAS)<br>en grupo na aula PT<br>TOTAL5SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **YESSICA B.** | **2ºESO D** | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e problemas socio-emocionais.**<br><br>**-** Necesidade de creación de rutinas e hábitos de estudo<br>- Dificultades de concentración, falta de atención.<br>- Dificultades de comprensión lectora<br>-Problemas de razoamento lóxico-matemático.<br>-Desmotivación académica.<br><br>Repetiu 1º ESO<br>-Carece de hábito de traballo, estudo e seguimento na casa | -APOIO DA PT: RE<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br><br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T e 3 sesións (MATEMÁTICAS)<br>en grupo na aula PT<br><br>TOTAL: 5 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Sofía G.** | **2ºESO D** | **Alumna con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais**<br><br>-Repite 2º ESO | EXENCIÓN 2ª L.E<br>-PLAN DE ALUMNA REPETIDORA. | **Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE)<br>**-Profe LC:**1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE).<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |
| **Vanessa L.** | **2ºESO D** | **ALUMNA con NEAE derivadas de condicións persoais**<br><br>Problemas condutuais.<br>Necesidade de adquirir rutinas e hábitos de estudo.<br>Desmotivación e falta de interese polos estudos.<br><br>Repetiu 1º ESO, leva materias suspensas | -EXENCIÓN 2ª L.E<br><br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **-Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:**1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE)<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Jorge P.** | **2ºESO D** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br><br>-Repite 2º ESO | EXENCIÓN 2ª L.E<br>-PLAN DE ALUMNO REPETIDOR | **-Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:**1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE).<br>TOTAL: 2 sesións |
| **Aaron T.** | **2ºESO D** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Precisa RE | EXENCIÓN 2ª L.E | **-Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE)<br>**-Profe LC:**1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE)<br>TOTAL: 2 SESIÓNS |
| **ERIK V.** | **2ºESO D** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Necesidade de adquirir rutinas e hábitos de estudo.<br>-Desmotivación e falta de interese polos estudos.<br>-Repetiu 1º ESO | -APOIO DA PT: RE<br>-EXENCIÓN 2ª L.E<br><br>-Plan de recuperación de materias pendentes | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T. E 3 sesións (MATEMÁTICAS)<br>en grupo na aula PT<br>-Total: 5 sesións |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **DIEGO D.** | 2º ESO E | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Necesidade de adquirir rutinas e hábitos de estudo.<br>-Repite 2º ESO | EXENCIÓN 2ª L.<br>-Plan de Alumno repetidor | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T e 2 sesións A PT en (MATEMÁTICAS) na aula ordinaria<br>-Total: 4 sesións |
| **DAVID G.** | 2º ESO E | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>-Necesidade de adquirir rutinas e hábitos de estudo.<br>- Problemas emocionales<br>-Repite 2º ESO | EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de Alumno repetidor | **Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:**1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE),<br>P.T. : 2 sesións (Matemáticas)na aula ordinaria<br>Total: 4 sesións |
| **LARA R.** | **2º ESO E** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.** | EXENCIÓN 2ª L.E | **Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:**1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE<br>)P.T. : 2 sesións (Matemáticas)na aula ordinaria<br>Total: 4 sesións |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **CAYETANA S.** | **2º ESO E** | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>**-**Necesidade de adquirir rutinas e hábitos de estudo.<br>-Dificultades de comprensión y expresión<br>Treaballadora<br>-Repetiu 1º ESO | EXENCIÓN 2ª L.E | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T e 2 sesións en(MATEMÁTICAS<br>na aula ordinaria<br>**-**Total: 4 sesións |
| **IRIA S.** | 2º ESO E | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>**---**Necesidade de adquirir rutinas e hábitos de estudo.<br><br>-Repite 2º ESO | EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de Alumna repetidora | **Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:**1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE)<br>P.T. : 2 sesións (Matemáticas)na aula ordinaria<br>Total: 4 sesións |
| **MARCOS T.** | 2º ESO E | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>**-**Necesidade de adquirir rutinas e hábitos de estudo.<br>-Dificultades de atención<br>- Repetiu 6º de Primaria | EXENCIÓN 2ª L.E | **P.T:** 2 sesións Exenc 2ª ling ext. grupal en aula de P.T.e 2 sesións en(MATEMÁTICAS<br>na aula ordinaria<br>total : 4 sesións. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **JUAN MANUEL V.** | 2º ESO E | **Alumno con NEAE derivadas das súas dificultades de aprendizaxe e das súas condicións persoais.**<br>**--**Necesidade de adquirir rutinas e hábitos de estudo.<br><br>-Repite 2º ESO | EXENCIÓN 2ª L.E<br>-Plan de Alumno repetidor | **Profe MAT. :** 1 sesión grupal (Ex. 2ª LE).<br>**-Profe LC:**1 sesión LC grupal (Exe. 2ª LE)<br>P.T. : 2 sesións (Matemáticas)na aula ordinaria<br>Total: 4 sesións |

## 4. CONCLUSIÓN

A modo de conclusión para a programación gustaría destacar que esta programación pretende ser unha guía que oriente o traballo ó longo do curso escolar, non obstante, non se trata dun documento pechado, senón que poderei introducir as modificacións e achegas que sexan pertinentes á hora de levar á práctica estas actividades no quefacer diario. Ditas modificacións quedarán reflectidas na memoria final.

Tamén é importante remarcar que na actualidade o centro debe adaptarse ao nena/o, e non éste ao centro, porque como dicía **García Pastor**: *"O centro integrador é aquel que integra necesidades, non nenos".*

O sistema educativo camiña cara á **"inclusión total"**. Así, autores como **Ainscow** ou **Stemberg** propoñen que *"débese chegar a unha participación total do alumnado con discapacidade".*

# ANEXOS

## ÍNDICE DOS ANEXOS


1. **ORIENTACIÓNS PARA PROFESORADO DE ALUMNADO CON TDAH.**
2. **ORIENTACIÓNS PARA PROFESORADO DE ALUMNADO CON HIPOACUSIA.**
3. **ORIENTACIÓNS PARA PROFESORADO DE ALUMNADO CON TEA.**
4. **ORIENTACIÓNS PARA PROFESORADO DE ALUMNADO CONPARÁLISE CEREBRAL.**
5. **ORIENTACIÓNS PARA PROFESORADO DE ALUMNADO CON SINDROME DE DOWN.**

# 1. ORIENTACIÓNS PARA OS MESTRES/AS DE ALUMNADO CON TDAH (Trastornode atención con hiperactividade)

## Disposición física da aula:

* Disposición por filas, reducindo ao máximo a colocación das mesas por grupos.
* O profesor debe poder moverse con facilidade e ter acceso a todos/as os nenos/as.
* Preto do mestre, afastado de xanelas e da porta da aula, para evitar distraccións visuais e auditivas.
* Nos pupitres deben aparecer soamente os materiais indispensables para o traballo que se vaia a realizar.
* Colocar á beira do alumno con déficit de atención modelos adecuados.

## Presentación das explicacións:

* Simplificar as instrucións sobre a tarefa e pedir ao neno que as repita.
* Proporcionarlle antes da explicación unha listaxe de conceptos ‘clave’ para axudarlle a focalizar a atención e extraer a información principal.
* Promover a súa participación activa:
* Axudante na instrución, escribindo palabras ou ideas no encerado...
* Motivalo para elaborar imaxes mentais, exporlle preguntas sobre estas imaxes a fin de asegurarse de que está a visualizar o material.
* Actividades de xogo de roles dirixidas á aprendizaxe de concetos novos, acontecementos históricos, fenómenos sociais...

* Exporlle preguntas frecuentes durante as explicacións e ofrecerlle retroalimentación inmediata das súas respostas.
* Manter o contacto ocular frecuente.
* Utilizar claves e sinais non verbais para redirixir a súa atención mentres continúa explicando.
* Proporcionarlle a tutoría dun compañeiro que lle axude a revisar os concetos fundamentais.
* Permitirlle que explique os concetos aprendidos a outro compañeiro máis

lento ca el.

**Realización de actividades:**

* Simplificar a instrución.
* Establecer o tempo durante o cal o neno pode actualmente manter a súa atención centrada na tarefa. Reforzar e ir aumentando progresivamente o seu esforzo en lugar de rifarlle ou forzarlle por medios impositivos.
* Segmentar as tarefas complexas en fases, marcar un tempo prudente para terminar cada fase, alabar ao estudante cada vez que acade o obxectivo marcado e pedirlle que siga a continuación coa seguinte fase.
* Evitar facer comentarios sobre as súas condutas de falta de atención. No seu lugar, fornecerlle claves verbais discriminativas que lle instiguen a reflexionar sobre a súa forma de comportarse: “lembras que é o que tiñas que facer? ou estás a terminar xa o teu traballo?”

* Pasearse pola clase para comprobar que fai o alumno e favorecer a retroalimentación sen molestarse.
* Baixar o listón de produtividade: é mellor que faga 4 exercicios ben que 8 mal.
* Procurar que as actividades non sexan longas.
* Cadernos de actividades con formato sinxelo. Sen debuxos non relacionados coa tarefa, incluíndo unha ou dúas actividades por páxina, deixando espazos en branco entre elas.
* Ensinar e motivar ao estudante para que aplique as **autoinstruccións** ás actividades. Tratar de que mediante a **linguaxe autodirixida:**
  1) Se pare e considere que é o que ten na **Realización de actividades:q**ue facer:”cal é o problema?”.
  2) Xere posibles directrices de actuación: “cal é o meu plan?”.
  3) Autoobserve a súa execución: ”estou a seguir o meu plan?”.
  4) Se autorreforce: “ben, esforceime moito e conseguín facelo ben”; ou que no seu caso desenvolva estratexias de afrontamento do erro:

  “equivoqueime, a próxima vez irei máis amodo e pensarei mellor no que estou a facer”
* A través do modelado do profesor, realización do neno con instrucións do modelo (guía externa manifesta).... Tamén role-play, reforzos, etc.

**Organización:**

* Demostrar que se valora a orde asignada (5 minutos cada día para organizar pupitres, cadernos, andeis...).

* Dar un premio cada día para a fila ou círculo de pupitres máis limpos e ordenados.
* Utilizar a axenda de deberes para que os pais ou titores legais a asinen diariamente.
* Estrutura externa que facilite o cumprimento das actividades de cada día en clase. Un horario sistemático na parede máis visible da aula.
* Explicar con antelación os cambios inesperados.
* Utilizar claves visuais e auditivas para indicar que a tarefa vai terminar e vaise a comezar unha actividade nova. Manexar de forma rápida e organizada os cambios de actividade.
* Implementar un sistema de puntos segundo parámetros de cantidade e calidade de traballo, a partir do nivel de execución do alumno neses momentos.

## Comportamento:

* Ser positivo e concreto. Explicar o que se desexa que faga o alumno e non o que non se desexa. Encomios específicos e non frases feitas de carácter xeral.

  Ex. : Xan, estou moi contento porque estiveches quedo na túa mesa traballando nos problemas de matemáticas.
* Lembrar de forma breve e concreta as normas. Tamén pedir ao alumno que explique as regras correctas de situacións concretas: antes de saír ao recreo, esixirlle que repase as regras de xogo cos compañeiros.

* Implementar un sistema de reforzos negociados para premiar comportamentos axeitados e para condutas socialmente negativas: privación de privilexios, custo de resposta ou illamento. Se o alumno se marcha, explicar que ten dous minutos para ir ao illamento por si só ou se lle imporá un castigo máis serio, non continuar prestando atención durante o período de decisión. Evitar a forza física.
* Servir de modelo e mediador nun método sistemático de solución de problemas para toda a clase:

1. **Pararse**: cal é o problema que temos?. Definir o problema especificamente procurando que toda a clase estea de acordo.
2. **Bulebule de ideas sen xuízo crítico e pizarra**: que plans podemos seguir para solucionalo?.
3. **Pensando nas consecuencias**: cal é o mellor plan que podemos utilizar?, É xusto?. Colocar puntos positivos ou negativos en cada unha das posibilidades recollidas anteriormente, segundo estes criterios.
4. **Subliñala e poñela en marcha:** cal das alternativas reúne máis aspectos positivos e menos negativos?
5. **Valoralo:** como funcionou o noso plan?. Determinar se todos están satisfeitos. Se non, repetir de novo o proceso.
6. **Potenciar a participación e a responsabilidade**. Encargarlle tarefas sinxelas que posteriormente se irán facendo máis complexas.

7. **Manter un estilo positivo de interacción**. Cando haxa que proceder á aplicación dun castigo, darlle outra oportunidade, procurar que teña éxito e encomiarlle por iso. Evitaremos que desenvolva a idea **Realización de actividades:**de que non pode acadar o éxito e que continuamente recibe críticas dos demais. Evitar que viva a clase con tensións e ofrecerlle apoio e afecto. Non poñelo nunca en evidencia diante dos demais

## 2. *ORIENTACIÓNS PARA OS MESTRES/AS DE ALUMNADO CON HIPOACUSIA.*

As recomendacións seguintes son xerais e a súa aplicación na aula depende das características auditivas do alumno/a así como da utilización de audífono ou implante coclear.

### Recomendacións de comunicación na aula:

Un xordo/a leva audífono ou é portador/a de un implante coclear, non é como un oínte. Seguir unha conversa representa sempre un gran esforzo.

- Con frecuencia ao xordo/a lle falta vocabulario, non coñece todos os xiros usuais e soe presentar sempre limitacións no coñecemento morfosintáctico do idioma.
- Tratar de eliminar no posible os ruidos ambientais.
- Fale cerca do alumno/a sordo/a. A partir dos 3 ou 4 metros os audífonos perden eficacia.
- Fale de frente e a mesma altura que o alumno/a para favorecer a lectura labial.

- Evite os obstáculos na visión do rostro e os beizos: sombras na cara ou obxectos como bolígrafos entre os beizos, … As barbas ou bigotes longos tamén supoñen un impedimento.
- Fale a modo, vocalizando claramente pero sen esaxerar os movementos da boca.
- Non fale entre dentes nin en susurros.
- Elevar un pouco o ton de voz pode axudar a algunhas persoas xordas. Non convén berrar xa que entenderá peor a mensaxe.
- Empregue frases curtas, correctamente construídas e sinxelas. Non fale de modo rutinario, con palabras e frases entrecortadas.
- Ao iniciar a conversa pode ser de gran axuda situar o tema ou contexto do que vamos a falar. Evite os cambios bruscos de tema sen unha aclaración ou explicación previa.
- Unha conversa en grupo dificilmente pode ser seguida polo alumno/a xordo/a se non respectan estritamente os turnos e normas de conversa. Nestas ocasións precisaría unha persoa que lle axude con aclaracións, repeticións, …
- Si a persoa xorda non entendeu correctamente, repítallo de forma parecida con outra palabra que teña o mesmo sentido. Tamén pode cambiar a construción da frase.
- Sempre que sexa preciso acompañe a mensaxe con xestos naturais, utilice expresións faciais ou o movemento corporal para completar ou remarcar o sentido da frase.

- Promova a participación do alumno/a xordo/a nas conversas. Preste máis atención ao contido que á forma nas emisións. Reforce positivamente as

intervencións orais ante os compañeiros. Valore os esforzos para expresarse. Amose unha escoita activa.

Ao alumno/a xordo/a resúltalle difícil atender simultaneamente a dúas fontes de información. Cústalle observalo libro e escoitar ao mestre ao mesmo tempo. É a dificultade derivada da "atención dividida" provocada pola xordeira.

O importante é evitar que a comunicación se rompa. Teña paciencia , acepte as limitacións conversacionais que supón dialogar con unha persoa xorda e busque estratexias que impidan a ruptura (demostracións, debuxos, ..)

- E moi importante ofrecer aos alumnos/as xordos/as unha imaxe en positivo, na que ser xordo non signifique unha limitación. Non se trata de negar a deficiencia senón de devolver unha imaxe potenciadora da competencia e proporcionando oportunidades educativas exitosas.

## Suxerencias para favorecer a lectura labial.

Moitos xordos/as aínda que obteñan beneficio auditivo do aundífono o do implante van a precisar o apoio da lectura labial para mellorar a súa comprensión.

Para outros resultaralle imprescindible estar atento á lectura labial xa que sen ela, con os seus audífonos a percepción auditiva será insuficiente para unha boa compresión.

A casuística neste sentido é moi ampla e só o coñecemento de cada alumno/a pode concretar as súas necesidades concretas.

Para favorecer a comprensión oral mediante a lectura labial, o primeiro requisito é cumprir as normas de comunicación detalladas máis arriba,

especialmente aquelas que teñen que ver con a visibilidade da do falante: boa iluminación, visión frontal, carencia de obxectos nos beizos, proximidade.

- Suxerencias parafalar repetidamente das mesmas cousas e obxectos que rodean ao alumno/a, aproveitando as rutinas, tanto no ambiente familiar como no escolar, para proporcionarlle numerosas oportunidades de ver a configuración labial das palabras.
- En ocasións haberá que adicar un tempo para a ensinanza intencional dos movementos dos beizos e os obxectos, accións, ou situacións que representan. Esta tarefa forma parte das sensacións de tratamento logopédico.
- A pesares de que a intención é ensinar a descifrar as mensaxes mediante a lectura labial, deben apoiarse as palabras, sempre que sexa posible, con pistas visuais xa sexan os propios obxectos reais, a acción no momento que se realiza , fotos, debuxos, …
- Convén aproveitar os contextos naturais e as propias actividades da vida diaria para adestrar a lectura labial.
- Acompañar as palabras con xesto sempre que sexa preciso e facilite a comprensión.

A lectura labial debe ser adestrada por todas as persoas que rodean ao alumno enespecial a familia e a escola.

### Adaptacións ambientais da aula:

#### Ubicación do alumno/a:

- O alumno/a xordo/a debe estar ubicado cerca do mestre, con boa visibilidade do mesmo e ao mesmo tempo boa visibilidade do resto de

alumnos (segunda fila na clase tradicional ou nun dos extremos se a clase está en forma de U).

- Para decidir a ubicación hai que ter en conta non só a súa percepción auditiva, mais ben o proceso de atención dividida do alumno cando se escriba no encerado ou se realice calquer feito de forma simultanea ao linguaxe
- A ubicación do profesor/a debe de estar moi ben iluminada para que o/a alumno vexa sempre a cara e os xestos

**Condicións ambientais da aula :**

. Crear un clima de silencio.

. Aislamentos das ventás e protectores de feltro ou goma nas patas de mesas e cadeiras e moita atención aos peches das portas.

.O nivel de ruído recomendado na aula non debería sobrepasar os 40 dB e a voz do mestre debería de ser sempre de 15 dB por riba de calquer ruido ambiental. . A aula debe estar ben iluminada, en días escuros o encerado debería de ter unha iluminación especial.

. Hai unha serie de axudas técnicas recomendables como son: o aro magnético, os equipos de F.M. e os amplificadores para o/a profesor/a .

## 3. TRATAMENTO EDUCATIVO PARA O ALUMNADO TEA:

O tratamento educativo que se lle ofrece o alumnado TEA e importante que sexa personalizado, tanto en recursos como curricular e metodolóxico. É indispensable una sintonía de coordinación e colaboración entre o persoal docente, xunto cas familias e outros participantes na labor educativa tanto sexa directa coma indirectamente. Polo tanto, será necesario una atención educativa en varios niveis:

**Alumado:**

a) A colocación na aula preto das fontes de información(persoal docente, encerado, etc.), tratando de evitar as fontes de distracción.
b) Eliminación da hiperestimulación visual (excesos de debuxos, mapas, etc.), evitando que sexan elementos de distracción.
c) Uso dun horario individual onde figuren, de forma visual, a área ou materia que se imparte.
d) Rexistro na axenda de tarefas que ten que facer e dos materiais que precisa, establecendo garantías de coordinación entre o centro e a familia.
e) Apoio visual claro e coherente clarificando as explicacións.
f) Uso de pautas común para todos os profesionais.
g) Uso axeitados dos recursos TICS como apoio visual e motivador, facilitando o proceso cognitivo.
h) Uso de explicacións adaptadas ao seu nivel de desenvolvemento e estratexias de encadeamento cara atrás.
i) Desenvolvemento de habilidades motoras tanto finas coma grosas, utilizadas para o desenvolvemento de actividades funcionais apropiadas á súa idade.
j) Desenvolvemento de habilidades de organización independente e outros comportamentos que son a base do éxito en aulas de educación ordinaria (realizar tarefas de forma independente, seguir instrucións grupais, pedir axuda, etc.)
k) Reforzamento dos seus puntos fortes do alumnado TEA, fomentando a súa autoestima e a consideración por parte dos profesores e compañeiros.

l) Un currículo que potencie o desenvolvemento das funcións cognitivas facilitando o acceso ao mundo social.

m) Vixilancia e atención que hai que prestar a posibles situacións de abusos, acoso, etc.

## Profesorado:

Todo o profesorado, xa sexa titor coma o resto do equipo docente, debe ter un bo coñecemento da realidade do alumno con TEA e das orientacións que figuran no seu informe psicopedagóxico para deseñar unha orientación educativa orientada á promoción das aprendizaxes necesarias para a comunicación, interacción social e desenvolvemento curricular.

O profesorado titor, coa colaboración do departamento de orientación, debe actuar como nexo na coordinación do equipo docente do centro, do persoal non docente e da familia, que deberán ser informados de todos aqueles aspectos e pautas de actuación que inflúan no adecuado desenvolvemento do alumno. Do mesmo xeito, o departamento de orientación en colaboración co profesorado deberá velar polo seguimento permanente da intervención educativa.

## Aula:

A aula é o espazo por excelencia para intervención educativa, onde conviven, enriquecéndose, a atención á diversidade e a inclusión educativa. Polo tanto, a atención dentro da aula ao alumnado TEA debe de considerar:

a) Ofrecer un ambiente moi estruturado, predicible e fixo, onde o neno saiba en todo momento o que vai acontecer.

b) As estratexias comunicativas que utiliza, os aspectos que se queren traballar e as axudas que precisa, potenciando ao máximo a autonomía persoal.

c) Distribución do espazo en distintas zonas onde estean claras a actividade que se vai desenvolver. Si é necesario,, crearase un espazo libre de distraccións para realizar as súas tarefas.

d) Proporcionar ou anticipar indicacións axeitadas e comprensibles do que vai acontecer.

e) Promoción de valores de convivencia, comprensión e respecto polas diferenzas e colaboración no grupo/clase.

f) Utilización de estratexias baseadas na aprendizaxe sen erro, motivadoras e que eviten a dependencia excesiva.

g) Redución ou eliminación dos elementos de distracción, procurando un ambiente de traballo que facilite a concentración.

h) Utilización dunha linguaxe clara, precisa sen uso do dobre sentido, sentidos figurados ou ironías. As broma deberán ser traballadas con anterioridade.

i) Axuda permanente por parte do profesor titor na organización das tarefas, así como a organización da axenda e dos materias que procure para a realización de cada tarefa, sempre en colaboración coa familia.

j) Uso de esquemas e mapas conceptuais como apoio as explicacións.

k) Presentación da tarefa unha vez acadada a atención do alumno.

l) Utilización de estratexias de moldeamento por parte do profesorado, coidando o encadeamento das situacións ou propostas de aprendizaxe.

m) Descomposición de actividade en pequenos ítems, con apoios visuais que informen dos pasos que cómpre facer para realizar a tarefa.

n) Uso de sinais acústicos e visuais para a estruturación dos tempos na aula.

o) Atención aos problemas no proceso sensorial, tanto por hipersensibilidade como por hiposensibilidade ou por dificultades na integración da información sensorial.

p) Garantía da comprensión das ordenes e normas xerais da aula.

## Centro docente:

O centro docente ten que entender o tratamento do alumnado con TEA, así a estrutura organizativa debe favorecer o desenvolvemento autónomo do alumnado, tanto no referente os espazos, tempos, etc. Así, debemos ter en conta as seguintes recomendacións:

a) Visitas aos distintos espazos do centro.

b) Visitas previas ás novas dependencias, tanto nos cambios de centro docente coma nos cambios de aula.

c) Preparación dos tempos de lecer dos cambios de clase, con estratexias coma:  Identificar que dificultades pode ter nos recreos e cambios de clase.

- Usar a figura de un compañeiro ou compañeira titor, mesmo do círculo de amigos ou amigas.
- Potenciar unha figura de referencia que lle axude a comunicar as súas dificultades.
- Participación de persoas adultas que lle ensinen a xogar e as regras do xogo.
- Propoñer alternativas para os recreos, tendo en conta os seus intereses e necesidades.

d) Preparación de saídas culturais, visitas e excursións.

## 4. TRATAMENTO EDUCATIVO PARA O ALUMNADO CON PARÁLISE CEREBRAL:

A parálise cerebral é un desorden permanente pero non invariable da postura e do movemento debido a unha lesión no cerebro antes de que o seu desenvolvemento e crecemento sexa completo. É unha lesión irreversible, xa que as células nerviosas destruídas non se rexeneran, non sendo progresiva, pero a falta de atención pode facer empeorar os trastorno que se derivan dela.

A atención deste alumnado con leva a tratar medidas tanto curriculares como organizativas destacando por exemplo:

a) Potenciar aprendizaxes significativos e funcionais.

b) Ter en conta o seu campo visual, amplitude de movementos, capacidade de manipulación e o eixe de simetría.

c) Presentación do material a través de diferentes canais sensoriais.

d) Promover a existencia de un compañeiro ou compañeira titor/titora.

e) Potenciar a autonomía do alumno, facilitándolle a mobilidade na aula e no propio centro educativo.

f) Potenciar a interacción do alumno con déficit motor cos seus compañeiros.

g) Coordinación co persoal coidador que atende a alumna.

h) Evitar actitudes de sobreprotección.

i) Facilitar aqueles recursos que sexan necesarios adaptar en caso de que o procure.

j) Facilitar, no caso de que sexa necesario, mobiliario adaptado, así coma material didáctico específico.

k) Material manipulativo axeitado, así como con cores ben definidas.

l) Utilización da axenda como un caderno informativo bidireccional entre centro e familias.

m) Eliminación de barreiras que impidan o desprazamento, xa non só no centro, se non na propia aula.

n) Coordinación entre os diferentes profesionais educativos de cara o seguimento académico do alumno.

o) Coordinación e comunicación de forma bilateral entre centro educativo e familias.

p) Ubicación axeitada do alumno tendo en conta a facilidade de desprazamento, visualización do profesor como referente e espazo visual axeitado así coma a situación do alumno na clase dende onde poda ter maior campo visual e auditivo.

q) Prever desprazamentos ou actividades externas ao centro onde a alumna poda acceder da maneira mais sinxela posible.

## 5. TRATAMENTO EDUCATIVO PARA O ALUMNADO CON SIMDROME DE DOWN:

A síndrome de Down é unha alteración xenética que se produce pola presenza dun cromosoma extra (o cromosoma é a estrutura que contén o ADN) ou unha parte del, no par 21 (ademais dos dous que existen habitualmente); por iso, esta síndrome tamén se coñece como trisomía 21.

A Atención á diversidade nunha escola inclusiva pon en valor a personalización do proceso de ensino- aprendizaxe, que debe adaptarse ás distintas realidades das alumnas e dos alumnos do sistema educativo considerando os diferentes contextos, así coma as súas potencialidades, ao seu desenvolvemento, aos seus ritmos, aos seus estilos e ás súas particulares formas de aprender. Neste sentido, coa fin de crear un contexto de aprendizaxe universal que considere a variabilidade do

alumnado, propoñemos que se teñan en consideración as seguintes estratexias:

1. Transmitirase a información mediante frases curtas, de forma clara, con boa pronuncia e asegurándonos de que nos está prestando atención. Verificarase sempre que o/a alumno/a entendeu a información que se lle transmitiu.

2. As tarefas presentaranse secuenciando a información paso a paso, fragmentadas e graduadas segundo a dificultade para unha mellor

consolidación da aprendizaxe.

3. É preciso adaptarse ao seu ritmo de traballo, deixándolle máis tempo, se fose necesario, para acabar a actividade e, pouco a pouco, ir pedíndolle maior velocidade nas súas realizacións.

4. É recomendable proporcionarlle pautas de actuación, estratexias, formas de actuar, instrucións concretas, en lugar de normas xerais de carácter abstracto. 5. Empregarase máis a axuda directa e demostracións (por medio do

modelado e a imitación) ca longas explicacións.

6. Adaptarase a duración das actividades a súa capacidade de atención. Polo xeral, é mellor planificar moitas actividades curtas que poucas de longa duración.

7. Evitaranse tarefas repetitivas que supoñan a perda de interese e a posible aparición de condutas inapropiadas e que poidan ser interpretadas de forma errónea.

8. Os contidos de aprendizaxe presentaranse mediante distintas modalidades sensoriais, con imaxes, gráficos, debuxos, pictogramas ou esquemas, cando sexa viable e/ou necesario, e tendo en conta que a información interiorízana mellor empregando varias vías de acceso: a

través da vista, do oído, do tacto e mesmo manipulando obxectos reais sempre que se poida.

9. Primarase a valoración do esforzo máis ca o resultado do traballo realizado, para mellorar a autoestima do alumno ou alumna e a súa motivación.

10. É conveniente ter preparado con antelación o material que se vai utilizar e contar con material en abundancia, por se houbese que modificar as
actividades que se tiñan previstas nun principio.

11. Convén que existan unhas normas claras sobre a utilización do material, e que sexan intelixibles para todo o alumnado. Cómpre organizar o material na aula de forma que se atope facilmente, que se poida acceder a el con comodidade e que se poida gardar sen problema.

12. Favorecerase o autocontrol e a responsabilidade esixíndolle o cumprimento das normas acordadas para a aula e o centro.

13. Facilitarase a adaptación ao cambio de actividade establecendo os apoios precisos en función das súas necesidades.

14. É preciso adaptarse máis ao nivel de comprensión que de expresión. En xeral a súa capacidade de comprensión é superior á de expresión.

15. Reforzaranse os bos hábitos (constancia, puntualidade, coidado…) evitando facer xuízos a causa de condutas desaxustadas.

16. Non se lles proporcionará axuda naquilo que poidan facer por si mesmos, evitando a sobreprotección. É importante tratar o alumnado coa síndrome de Down conforme a súa idade cronolóxica (non son

eternos nenos/as), marcándolle responsabilidades propias e sen permitir condutas ou accións que non se lle permitirían ao resto do alumnado.

17. Fomentarase a responsabilidade e autonomía no desenvolvemento das tarefas, utilizando estratexias de autoaprendizaxe que permitan que os alumnos e as alumnas traballen por si sós na aula, evitando a dependencia excesiva do persoal de apoio ou dos compañeiros. O persoal docente pode facer de mediador, para achegar os coñecementos ao alumno/a, pero sempre buscando que o/a neno/a sexa protagonista da súa propia aprendizaxe.

18. Ofreceranse situacións educativas de éxito, que posibiliten a mellora do seu autoconcepto e da súa autoestima no ámbito escolar, que fagan que se sinta capaces e valorados como membros activos do seu grupo poñendo en valor a súa contribución a el.

19. Promoveranse as aprendizaxes prácticas, útiles, funcionais, aplicables de maneira inmediata ou próxima na súa vida cotiá, que fomenten a súa

motivación e que lles permitan percibir a súa utilidade.

20. Empregaranse actividades de deseño universal sobre situacións da súa vida real, nas que poida participar activamente e partindo sempre do coñecido.

21. Xeraranse situacións de aprendizaxe motivadoras para manter a atención, procurando buscar actividades próximas aos seus intereses e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo.

22. Pode ser conveniente aplicar programas específicos de autonomía persoal, habilidades prosociais e educación emocional, tendo en conta o contexto e dirixidos a promover a súa independencia.

23. Cómpre coidar a adquisición da lectoescritura, priorizando a funcionalidade, utilizando metodoloxías que apoien a comprensión e a asociación da palabra co seu significado (métodos globais, enfoques contrutivistas, etc.), pois é necesario adaptarse ao seu estilo e ritmo de aprendizaxe

24. Introduciranse as TIC (teclados ou calquera outro soporte) cando hai especiais dificultades na motricidade fina, de maneira que non se free o avance nos contidos a pesar de non estar adquiridas as habilidades na
lectoescritura.

25. Non condicionar o proceso de adquisición da lectura e a escritura ao desenvolvemento de destrezas previas, especialmente motrices, pois non todas son imprescindibles para a adquisición dunha lectoescritura función

26. Para iniciar a adquisición da lectoescritura, non debería ser un impedimento a dificultade no eido da linguaxe e a comunicación, pois en moitas ocasións, iniciarse neste proceso, supón unha mellora considerable.

27. No deseño de actividades contemplaranse os criterios de lectura fácil, ofrecer preguntas con alternativa de resposta, propoñer tarefas de relacionar, sinalar, clasificar…

*Datos extraídos do Protocolo para atención educativa do alumnado con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual da Xunta de Galicia.*

**MESTRAS ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

CREO OTERO, MARÍA DEL CARMEN

BLANCO BLANCO, MARÍA ANA

Outubro 2022